

AS COMPETENCIAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALIZA NA DENOMINADA “MATERIA DE XUSTIZA”*

Xulio Ferreiro Baamonde

I. INTRODUCCIÓN: A POSIBILIDADE DE ASUNCIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE XUSTIZA NO ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALIZA.

O Capítulo III do Título I (arts. 20-26) do Estatuto de Autonomía de Galiza (en diante EAG) titúlase “Da Administración de Xustiza en Galiza”, e nel regúlanse materias como a asunción de potestades executivas por parte da Comunidade Autónoma en materia de Xustiza, fixación de demarcacións territoriais, recoñecemento do TSX como cumio da organización xurisdiccional na Comunidade Autónoma, competencias dos órganos xurisdiccionais galegos, nomeamento de maxistrados, etc¹. Este capítulo enmárcase precisamente no Título que o Estatuto adica ao “Poder Galego”. Tal título establece nos seus outros dous capítulos a organización fundamental tanto do Executivo como do Lexislativo autonómicos, co cal podería entenderse, desta simple lectura, feita por un lector alleo ao noso ordenamento xurídico, que a Comunidade Autónoma de Galiza está organizada politicamente ao xeito da tradicional división de poderes que xa trazara Montesquieau. Sen embargo esta visión distánciase amplamente da realidade no que corresponde á Administración de Xustiza.

Pola súa banda, a Constitución Española de 1978 (en diante CE), contén unha serie de disposicións que nunha lectura apresurada, illada e asistemática poderían dar a entender que as Comunidades Autónomas, e no caso do que nos ocupamos, Galiza, non ten intervención normativa e nin sequera executiva ningunha en materia de Xustiza. Así, o art. 117.5 CE establece que o principio de unidade xurisdiccional é a base da organización e funcionamento dos Tribunais; o art. 122.2 CE institúe ao Consello Xeral do Poder Xudicial como o órgano do Goberno do mesmo; e en terceiro lugar, o art. 149.1, ao enumerar aquelas materias que son exclusivas do Estado (en canto estado central), inclúe no apartado 5^a a Administración de Xustiza.

¿Como artellar ambas regulacións? De feito, trala lectura dos preceptos constitucionais, maiormente do art. 149.1.5^a, semella que en nada incumbe aos Estatutos de Autonomía a regulación da materia de xustiza, agás o que se poida tirar doutros preceptos constitucionais – como veremos á hora de analizar o art. 152.1 CE –. Pero, sen

* Este artigo está encadrado no Proxecto de Investigación “O Dereito Procesual autonómico: Especial consideración da Comunidade autónoma galega”, concedido pola Xunta de Galiza, e do que é Invest. Principal o Prof. Dr. Agustín Pérez-Cruz Martín, Catedrático de Dto. Procesual da Universidade da Coruña.

¹ Veremos posteriormente, como deste conxunto de preceptos algúns son realmente novedosos e posúen grande importancia na materia obxecto de estudo, mentres que outros consisten en meras declaracións de intencións ou mesmo repeticións innecesarias de preceptos da CE ou da LOPX.

embargo, a interpretación que o TC deu ás disposicións constitucionais e estatutarias na materia salva a posíbel inconstitucionalidade do noso Estatuto, e ofrece unha interpretación que fai compatíbeis ambos os conxuntos de preceptos².

Cómpre, sen embargo, tirar as primeiras conclusións de cáil é o modelo de organización xurisdiccional que se desprende da regulación constitucional, para sentar as bases interpretativas sobre as que se poderán coordinar as disposicións constitucionais e estatutarias. A Constitución de 1978 comeza no Estado español un proceso de descentralización que ten dado como resultado a existencia de 17 centros de decisión política –as Comunidades Autónomas– que conviven coas institucións lexislativas e de Goberno do Estado central. Cada unha das Comunidades Autónomas tense dotado dunha asemblea lexislativa e dun executivo; fronte á situación preconstitucional, onde a produción normativa e a acción de goberno estaban centralizados, o Estado autonómico conleva un reparto territorial de ambas as funcións. Sen embargo, o Poder Xudicial permanece alleo a tal reparto territorial do poder³. A Xustiza non é soamente unha materia máis con posibilidades de reparto, senón que é un dos tres poderes do Estado, e como tal independente do lexislativo e do executivo, tanto autonómicos como centrais⁴. Non é tanto que a Administración de Xustiza fiquese como unha competencia estatal⁵ senón que se atopa nun plano diferente ao reparto competencial de materias lexislativas e executivas; por así dicilo, sitúase por riba desta división territorial. A potestade xurisdiccional, segundo o art. 117 corresponde aos Xuíces e Maxistrados integrantes do Poder Xudicial, que son independentes, inamobíbeis resposábeis e sometidos unicamente ao imperio da lei. Ao mesmo tempo, o deseño constitucional non permite enxergar dúas organizacións xudiciais diferentes, unha no nivel federal e outra no nivel das Comunidades Autónomas, o que impide configurar ao Estado das Autonomías como un Estado Federal, dende o punto de vista da organización xudicial⁶.

O funcionamento do Poder Xudicial baséase no principio de unidade xurisdiccional, que evita en grande medida a entrada desta materia de xeito decidido no reparto de

² A doutrina tamén está de acordo en considerar que pese ao rotundo da dicción literal do art. 149.1.5, é posíbel atopar competencias autonómicas en materia de Xustiza. Vide como exemplo LÓPEZ AGUILAR, J. F.: *Justicia y Estado Autonómico*, Madrid, 1994, p. 119, quen sinala que tales competencias poden ser mesmo de carácter exclusivo.

³ OTTO, I. DE: “Los Tribunales superiores de justicia”, en *Estudios sobre el Poder Judicial*, Madrid, 1989, p. 219, sinala en efecto que é o Poder Xudicial o único dos tres poderes clásicos do Estado que non está afectado polo proceso de descentralización que regula o Título VIII CE.

⁴ En efecto, a CE diseña o reparto dos poderes do Estado configurando un Poder Xudicial único e independente, non só das CCAA, senón tamén dos demais poderes estatais. Vide JIMÉNEZ ASENSIO, R.: “Competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Administración de Justicia y Libro blanco de la Justicia”, *Dos estudios sobre Administración de Justicia y Comunidades Autónomas*, Madrid, 1998, p. 22.

⁵ Tal e como indica XIOL RIUS, J. A.: “Las competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Justicia” (I e II), AA, 1992, nº 1, p. 58, o Poder Xudicial constitúe un sector do ordenamento público que non pode deixarse ao libre xogo da distribución territorial de competencias entre Estado e Comunidades Autónomas, xa que iso podería desvirtuar os principios sobre os que está fundado. Isto explica que, á súa vez, o concepto de competencia non sexa o máis indicado para perfilar o punto de vista estatal ou autonómico da participación nos temas de Xustiza.

⁶ Para LÓPEZ AGUILAR, J. F.: *Justicia y Estado Autonómico*, Madrid, 1994, pp. 258-259, o deseño constitucional en materia de xustiza denota unha superación do Estado rexional, pero non por iso se pode afirmar que a configuración da Xurisdicción sexa federal. Efectivamente, non existen no noso Estado dúas organizacións xudiciais diferentes, pertencentes ao Estado central e aos entes descentralizados, o que debería ser característico da organización federal da Xurisdicción. Teremos ocasión de ver como, a pesar da súa consituacionalización, a existencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, como cumio da organización xudicial no noso país, non implica que este sexa un órgano autonómico, senón un órgano do Poder Xudicial – único – situado no territorio da Comunidade. Para o estudio polo miúdo dun modelo xudicial federal – o norteamericano – vide. RUÍZ, G.: *Federalismo judicial (el modelo americano)*, Madrid, 1994. O sistema alemán pode ser estudado en WITTHAUS, R. E.: *Poder Judicial alemán*, Buenos Aires, 1994.

poder territorial que efectúa a CE⁷. Este principio debe conectarse ao seu tempo, cos principios de exclusividade e independencia do Poder Xudicial⁸, e cómpre vinculalo no devir histórico do proceso constituínte español na loita contra as xurisdiccións especiais, como expresión da intervención do poder executivo nas funcións xurisdiccionais e a influencia nas súas decisións⁹. Na doutrina española, ademais, tense considerado que este principio impide que o Poder Xudicial entre de cheo no proceso descentralizador, pero tampouco cabe pensar que en ningún xeito se viu afectado por este, xa que a propia configuración do Estado, precisamente pola súa novidade, non pode ser obviada á hora de artellar a ordenación do Poder Xudicial. Por outra banda, a íntima conexión do principio de unidade xurisdiccional co principio de independencia e de exclusividade da xurisdicción motivan que tan perigoso para tal principio sexa a asunción de competencias sobre a Xustiza tanto polos órganos autonómicos como polo poder executivo central. Precisamente, nesta consideración, o art. 122.2 CE crea o Consello Xeral do Poder Xudicial, como órgano de autogoberno do mesmo, e establece unha reserva material de Lei orgánica – e polo tanto central – en todo o que comprenden os aspectos básicos da ordenación do Poder Xudicial. En definitiva, o principio de unidade xurisdiccional ten o seu sentido como unha salvagarda da independencia do Poder Xudicial fronte aos outros poderes do Estado, sexan estes centrais ou autonómicos. Polo tanto, a descentralización das materias de Administración de Xustiza deben considerarse contrarias a este principio en canto supoñan tamén un perigo para a independencia dos Xuíces e Maxistrados. É obvio, por outra banda, que o noso Estado non se configura de acordo cun modelo xurisdiccional federal, pero isto non deriva tanto da simple enunciación do principio de unidade xurisdiccional como do deseño global do sistema.

Neste marco institucional é onde hai que situar a análise das disposicións do EAG no referido á Administración de Xustiza, e a posibilidade, xa que logo, de asumir a Comunidade Autónoma competencias ou funcións na materia¹⁰. A reserva á LOPX, efectuada na propia Constitución, debe coordinarse coas disposicións constitucionais que recoñecen facultades ás Comunidades Autónomas (art. 152 CE), e coas disposicións estatutarias¹¹. Por outra banda, non é o concepto de competencia o único a terse en conta neste

⁷ Esta é unha apreciación xeral na doutrina, e así CRUZ VILLALÓN, P.: “La administración de Justicia en el Estatuto de Andalucía”, en *La curiosidad del jurista persa y otros estudios sobre la constitución*, Madrid, 1999, pp. 308-309, sinala que a materia de Xustiza en sentido estrito fica fóra do proceso descentralizador debido á existencia do principio de unidade, correlato do principio de exclusividade. Tamén REVERÓN PALENZUELA, B.: *Poder judicial, unidad jurisdiccional y estado autonómico*, Granada, 1996, p. 235, establece o significado do principio de unidade xurisdiccional no feito de que exista unha única organización xudicial para todo o Estado. Sen embargo, isto non obsta para que en estados que teñen unha organización xudicial estruturada segundo o modelo federal, se considere que existe tamén o principio de unidade xurisdiccional, como expón o propio REVERÓN PALENZUELA, B.: *Poder judicial, unidad jurisdiccional y estado autonómico*, Granada, 1996, pp. 109-117.

⁸ O TC ten lembrado tal vinculación en numerosas resolucións. A STC 56/1990, de 29 de marzo, que citaremos en numerosas ocasións ao longo deste traballo, non é unha excepción. No FX 6º, establece que o Poder Xudicial é único en canto levar a diante a función xurisdiccional con exclusividade e consta dun único órgano de Goberno. Ambos aspectos son os que definen a competencia que deriva do art. 149.1.5 CE.

⁹ Vide. RAMOS MÉNDEZ, F.: *El sistema Procesal español*, Barcelona, 1997, pp. 162-166.

¹⁰ LÓPEZ AGUILAR, J. F.: *Justicia y Estado Autonómico*, Madrid, 1994, pp. 132-133, enumera as disposicións dos Estatutos en materia de xustiza, comprendendo as cláusulas subrogatorias, demarcación xudicial, administración da Administración de Xustiza, cobertura de prazas, repetición de determinados preceptos constitucionais, aforamentos, etc.

¹¹ Como sinala LÓPEZ AGUILAR, J. F.: *Justicia y Estado Autonómico*, Madrid, 1994, p. 95 LÓPEZ AGUILAR, J. F.: *Justicia y Estado Autonómico*, Madrid, 1994, p. 95. “Se ben é certo que a CE non prohíbe aos Estatutos de Autonomía incorporar previsións en materia de Xustiza, Administración de Xustiza, ou organización do Poder Xudicial, non menos certo é que o Dereito postconstitucional nese ámbito ficaba selado pola súa compatibilidade co disposto na CE e na futura LOPX, ‘dentro da unidade e independencia deste’. Teremos ocasión de ver tamén como esta reserva material de LO inflúe na asunción das competencias autonómicas, segundo a interpretación dada polo TC nas SS 95/1990 e na recente 105/2000

estudio, senón que será tamén importante o concepto de interese autonómico¹². Como xa se dixo, a posición do Poder Xudicial nun plano superior ao reparto competencial Estado-Comunidade Autónoma non permite supor que na súa configuración a Administración de Xustiza non se vai ver influída pola estrutura descentralizada do Estado¹³. Deste xeito, o TC¹⁴ ten recoñecido ás Comunidades Autónomas un interese para que as institucións do Estado se adapten a esta ordenación territorial, máis alá da simple asunción de competencias polos órganos autonómicos. Outro problema para analizar será a idoneidade do Estatuto de Autonomía para asumir as facultades en materia de Xustiza¹⁵, habida conta do art. 149.1.5, e da necesidade de atopar unha interpretación da denominada cláusula subrogatoria (art. 20.1 EAG) acorde cos preceptos constitucionais, tendo presente, ademais, a especial necesidade de realizar tal interpretación pola importancia institucional que ostenta o Estatuto de Autonomía¹⁶. En xeral, podemos coincidir con JIMÉNEZ ASENSIO¹⁷, na apreciación de que a regulación da división competencial entre Estado e Comunidade Autónoma é realmente caótica, e permite na actualidade, e tralo desenvolvemento post-constitucional que se ten realizado, espazos de intervención autonómica realmente limitados, prexudicando a imaxe da xustiza, e impedindo a racionalización do espazo que se deu en chamar “administración da Administración de Xustiza”.

II. A ADAPTACIÓN DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA AO ESTADO AUTONÓMICO

Como indicabamos, o Poder Xudicial, como tal, ficou alleo ao reparto competencial operado no Título VIII CE, centrándose este nos poderes executivo e lexislativo. Xa que logo, a organización xudicial española, responde, en principio, a un modelo centralizado. Sen embargo, sería erróneo dicir que a nova estruturación territorial do Estado non afectou en nada á Administración Xudicial, xa que esta debe adaptarse aos novos parámetros territoriais¹⁸, desde o deseño da planta xudicial, ata o que respecta aos métodos de xestión.

¹² LÓPEZ AGUILAR, J. F.: *Justicia y Estado Autonómico*, Madrid, 1994, pp. 126-129..

¹³ Ampliaremos de seguido esta idea, pero paga a pena reflectir as palabras de LÓPEZ AGUILAR, J. F.: *Justicia y Estado Autonómico*, Madrid, 1994, pp. 118-119, ao respecto: “Estructuralmente (...) a distribución territorializada de diversas potestades normativas e executivas, así como de facultades de varia natureza sobre a mesma materia, si incide na conformación da súa dimensión orgánica (a do Poder xudicial)”

¹⁴ STC 56/1990, de 29 de marzo, FFX 1-3.

¹⁵ Veremos a conexión entre esta idoneidade estatutaria e o concepto de Administración de Xustiza que se manexa, en relación co art. 149.1.5 CE. Determinados autores criticaron, mesmo sen entrar na análise desta relación, a atribución de facultades en materia de Xustiza por parte do EAG. Así, FERNÁNDEZ SEGADO, F.: “O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia”, en AA. VV.: *Manual de Dereito Galego*, Santiago de Compostela 1996, p. 287, sinala que “As normas institucionais básicas das comunidades autónomas a penas deberían conter un mínimo de preceptos adicados ao poder xudicial, e sen embargo, a realidade amósanos que non foi así, dado que os estatutos de autonomía fixeron previsións organizativas e estableceron competencias xurisdiccionais que rebordaron a letra e mesmo o espírito da Constitución. A mesma colocación sistemática da materia dentro do título referente aos poderes autonómicos non deixa de ser discutible, ao ser unha evidencia que non existe un poder xudicial autonómico”.

¹⁶ CRUZ VILLALÓN, P.: “La administración de Justicia en el Estatuto de Andalucía”, en *La curiosidad del jurista persa y otros estudios sobre la constitución*, Madrid, 1999, p. 305.

¹⁷ “Competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Administración de Justicia y Libro blanco de la Justicia”, *Dos estudios sobre Administración de Justicia y Comunidades Autónomas*, Madrid, 1998, p. 71

¹⁸ Acertadamente sinala JIMÉNEZ ASENSIO, R.: “Competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Administración de Justicia y Libro blanco de la Justicia”, *Dos estudios sobre Administración de Justicia y Comunidades Autónomas*, Madrid, 1998, p. 24, que “Aínda que o PX sexa alleo ao reparto constitucional de competencias, non o podía ser das novas estruturas do Estado, polo que o proceso autonómico tiña necesariamente que impregnar a configuración concreta do Poder Xudicial”.

A primeira adaptación prodúcese xa na propia CE, ao establecer, en principio unicamente para as Comunidades de “vía rápida” – Galiza entre elas – o TSX, reminiscencia daquel Tribunal de Casación de Catalunya que operou durante a II República. Posteriormente, os Estatutos de Autonomía e, finalmente, a LOPX estenderían un deseño da planta xudicial do Estado baseado na Comunidade Autónoma como demarcación fundamental, culminada por cadanseu Tribunal Superior. Daquela a división do territorio estatal sería a primeira circunstancia afectada polo deseño composto coa que tivo que enfrontarse o Poder Xudicial. Pero non sería a única: o recoñecemento constitucional da dupla oficialidade das linguas autonómicas e do castelán no ámbito das Comunidades Autónomas que posúen lingua propia, a existencia de especialidades xurídicas nas CCAA, tanto no dereito foral ou civil especial, como na futura produción normativa que derivase dos ámbitos competenciais asumidos¹⁹, as facultades recadatorias e de provisión de fondos das institucións autonómicas que forzosamente habían de afectar á Administración de Xustiza, etc. Todas estas especialidades motivan a necesidade dunha adaptación do Poder Xudicial as diferentes realidades territoriais²⁰, e lexitiman ao mesmo tempo a existencia xa referida dun interese autonómico na materia de Xustiza²¹, que posibilita a asunción de funcións polos órganos autonómicos que, aínda que non afecten á potestade xurisdiccional, estean relacionadas coa Administración de Xustiza.

Sen embargo, a inercia centralista que arrastra a Administración de Xustiza en España, xunto coa restrictiva interpretación que se ten realizado tanto na LOPX como nas sentencias do TC que máis adiante comentaremos, impediu un desenvolvemento máis profundo na autonomización da Administración de Xustiza, que a Constitución permite²², e que vén sendo reclamada non só polas propias Comunidades Autónomas co gallo de aumentar as súas competencias, ou de determinados sectores da doutrina constitucionalista por mor de procurar unha maior lexitimidade democrática da Administración de Xustiza a través do seu achegamento aos centros de poder máis próximos ao cidadán²³, senón tamén polos propios órganos de goberno do Poder

¹⁹ LÓPEZ AGUILAR, J. F.: *Justicia y Estado Autonómico*, Madrid, 1994, pp. 118-119, salienta o papel que a produción normativa autonómica había ter neste proceso de adaptación, cando sinala que “o Dereito autonómico substantivo condiciona claramente esa organización: alí onde se dea maior dose de Dereito substantivo, máxime cando se trate de Dereito histórico foral ou especial, rexistraranse igualmente maiores doses de incidencia do fenómeno autonómico na configuración do réxime de Dereito orgánico xudicial”.

²⁰ De feito, o contrario, é dicir, configurar o Poder Xudicial nun Estado de natureza composta, de costas ás Comunidades Autónomas, sería imposible. Coincidimos nisto con JIMÉNEZ ASENSIO, R.: “Competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Administración de Justicia y Libro blanco de la Justicia”, *Dos estudios sobre Administración de Justicia y Comunidades Autónomas*, Madrid, 1998, p. 27, en que “os profundos trocos sufridos no ordenamento xurídico como consecuencia do exercicio das competencias normativas das Comunidades Autónomas, o desenvolvemento dos Dereitos Cívís forais e especiais, así como a existencia de lingua propia en diferentes territorios do Estado, aconsellaban unha adecuación do Poder Xudicial á realidade subxacente dun Estado politicamente descentralizado”.

²¹ Vide. CRUZ VILLALÓN, P.: “La administración de Justicia en el Estatuto de Andalucía”, en *La curiosidad del jurista persa y otros estudios sobre la constitución*, Madrid, 1999, p. 314, no mesmo sentido FERNÁNDEZ SEGADO, F.: “O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia”, en AA. VV.: *Manual de Dereito Galego*, Santiago de Compostela 1996, p. 269.

²² Segundo expresa JIMÉNEZ ASENSIO, R.: “Competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Administración de Justicia y Libro blanco de la Justicia”, *Dos estudios sobre Administración de Justicia y Comunidades Autónomas*, Madrid, 1998, p. 28, a Administración de Xustiza en España ten sido “tradicionalmente configurada cunha estrutura corporativa solidamente implantada, e con hábitos de natureza centralista”, polo que “o proceso de adecuación da Xustia ao espazo autonómico está sendo lento, e salferido de notábeis dificultades”.

²³ JIMÉNEZ ASENSIO, R.: “Competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Administración de Justicia y Libro blanco de la Justicia”, *Dos estudios sobre Administración de Justicia y Comunidades Autónomas*, Madrid, 1998, p. 28.

Xudicial, tentando así clarificar e optimizar as materias de apoio e xestión da Administración de Xustiza²⁴.

III. O CONCEPTO DE ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA NO ART. 149.1.5ª CE.

Un dos motivos que fai tan críptica a distribución competencial en materia de Administración de Xustiza no noso ordenamento xurídico é a ambigüidade con que a propia Constitución manexa os termos relacionados coa Xustiza: Poder Xudicial, Administración de Xustiza, e o propio termo de Xustiza son empregados sen criterios uniformes nin científicos. Como consecuencia deste uso asistemático tiveron que ser a doutrina²⁵ e o TC os que fixeron unha interpretación que lle dea sentido ás diversas prescricións da Constitución e do Estatuto de Autonomía que, dito sexa de paso, tampouco escapa a este uso desordenado dos termos.

En primeiro lugar, e sen tentar nin moito menos abordar unha materia que sobrepasaría os límites deste traballo, cómpre definir qué é o que se pode entender por Poder Xudicial na Constitución. Semella que, aos efectos que nos interesan, Poder Xudicial comprendería o conxunto de Xuíces e Maxistrados encargados de exercitar a potestade xurisdiccional, é dicir, de vulgar e facer executar o vulgado, segundo a dicción do art. 117.3 CE²⁶. Como xa quedou indicado, deste ámbito fica excluída a Comunidade

²⁴ Neste sentido, o propio Consello Xeral do Poder xudicial afirma no *Libro blanco de la Justicia*, Madrid, 1997, p. 324, que aínda que o art. 122 CE prohíbe a existencia de órganos de goberno da Xustiza autonómicos, sen vinculación co CXPX, non impide que as facultades de goberno do Poder Xudicial se exerzan dun xeito descentralizado, polo que considera que “A colaboración entre órganos territoriais de goberno do PX e as autoridades autonómicas competentes é ineludible necesidade para acadar unha maior eficacia da Admón. de Xustiza. Sen demérito da natureza xudicial das Salas de Goberno e do papel de órgano superior de goberno do CXPX, sería posíbel axeitar o funcionamento da Admón. de Xustiza á realidade do Estado das autonomías”.

²⁵ Así, a título de exemplo pódese indicar a clasificación que destes termos fai LÓPEZ AGUILAR, J. F.: *Justicia y Estado Autonomico*, Madrid, 1994, pp. 26-28, para quen a Xustiza sería un ideal ou un postulado constitucional, a xurisdicción unha facultade do Estado, o Poder Xudicial a organización que desenvolve tal facultade, a Administración de Xustiza o conxunto que sintetiza todos estes conceptos, e a Administración da Administración de Xustiza o conxunto material e persoal que colabora á recta administración da Xustiza.

²⁶ Qué é o que se entende por Poder Xudicial é un tema discutido na doutrina e non aclarado abondo na xurisprudencia. Segundo OLIVA SANTOS, A. DE LA: “El futuro del proceso penal y el papel del Ministerio Fiscal”. *Tribunales de Justicia*. 1997. Nº 1, p. 12, tres poderían ser os significados da expresión Poder Xudicial, o de conxunto de órganos que desenvolven a función ou potestade xurisdiccional, a potestade xurisdiccional en si mesma, e mesmo, o que semella menos aceptábel, o conxunto de Xuíces e Maxistrados. Para MONTERO AROCA, J.; GÓMEZ COLOMER, J.L.; MONTÓN REDONDO, A.; BARONA VILAR, S.: *Derecho Jurisdiccional I. Parte General*. València, 1998, pp. 21-46, son dous os significados constitucionais de Poder Xudicial, como poder político, conxunto de órganos dotados de potestade xurisdiccional, ou como organización, como parte organizada de Xuíces e Maxistrados que teñen potestade xurisdiccional (Tamén MONTERO AROCA, J.: *Independencia y responsabilidad del Juez*. Madrid, 1990, pp. 113-117). Xa para Montesquieu, considerado o primeiro e máximo exponente – sen ter en conta a Locke – da teoría da separación de poderes, o Poder Xudicial non era Poder no mesmo senso que os outros dous – *vide* PEDRAZ PENALVA, E.: “De la Jurisdicción en la teoría de poderes de Montesquieu”, en *Constitución, Jurisdicción y Proceso*. Madrid, 1990, p. 28 -. O poder pode considerarse como “exercicio activo, tanto dende o punto de vista subxectivo, infraestructurado na forza social que o mantén, como dende o punto de vista obxectivo, dende a efectividade da súa acción”, mentres que a potestade sería o “*ámbito de acción do poder constitucionalmente definido*” – ambas definicións de PEDRAZ PENALVA, E.: “De la Jurisdicción como competencia a la Jurisdicción como órgano”, en *Constitución, Jurisdicción y Proceso*. Madrid, 1990, p. 47 – neste senso, tanto xuíces coma maxistrados detentarían unha potestade do Estado. Un poder en canto xuridicamente establecido pola Constitución, lexitimado por aquela, que o define legalmente como consecuencia do monopolio xurisdiccional estatal – PEDRAZ PENALVA, E.: “De la Jurisdicción como competencia a la Jurisdicción como órgano”, en *Constitución, Jurisdicción y Proceso*. Madrid, 1990, pp. 142-159. – neste sentido, segue afirmando PEDRAZ PENALVA, cualquera pretensión de instaurar con ese carácter a xurisdicción non é máis

Autónoma pola regulación do propio Título VI, ao ser alleo o exercicio da función xurisdiccional ao reparto territorial do poder efectuado no Título VIII.

O segundo paso será, xa que logo, definir cal é o concepto que a Constitución manexa de Administración de Xustiza aos efectos da competencia exclusiva do art. 149.1.5. Pódense acudir aquí a dúas posíbeis interpretacións²⁷, unha de carácter estrito e outra de carácter amplo, cada unha das cales terán consecuencias diferentes para a asunción de competencias ou facultades pola Comunidade Autónoma. O concepto amplo de Administración de Xustiza incluíría tanto ao Poder Xudicial en sentido estrito como aos medios materiais e persoais que lles serven de apoio. Argumentan os partidarios desta interpretación, que o concepto estrito fica desbotado como consecuencia da regulación do Título VI, que exclúe do ámbito autonómico as materias intimamente relacionadas co exercicio da potestade xurisdiccional, que son atribuídas ao CXPX, polo que o enunciado do art. 149.1.5 ten que significar outra cousa diferente, pois do contrario a súa inclusión no Título VIII sería superflua e repetitiva²⁸.

A interpretación estrita do concepto de Administración de Xustiza, que, podemos adiantar xa, foi recollido polo TC na sentenza 56/1990, inclúe neste o exercicio da potestade xurisdiccional, e o ser gobernado a través do Consello Xeral do Poder Xudicial, naquelas cuestións intimamente relacionadas coa potestade xurisdiccional e que poden afectar á independencia dos membros do Poder Xudicial²⁹, ademais das materias que o art. 122.1 CE reserva en exclusiva á LOPX.

que un van intento, xa de protección e defensa de intereses particulares estamentais fronte á inevitábel socialización do Estado, xa externo, de valeirar demagoxicamente e perigosamente de efectivos contido a fundamental tarefa xurisdiccional - "De la Jurisdicción como competencia a la Jurisdicción como órgano", en *Constitución, Jurisdicción y Proceso*. Madrid, 1990, p. 168 -. Os Xuíces ou Maxistrados non serían titulares dun Poder Xudicial, pero si están investidos de potestade xurisdiccional, de xeito individual. A xeneralidade dos autores coincide con esta argumentación, aínda que con algún matices, coma OLIVA SANTOS, A. DE LA; FERNÁNDEZ, M.A., *Derecho Procesal Civil I*. Madrid, 1995, pp. 109-113, para quen a potestade xurisdiccional non pertencería aos Xuíces e Maxistrados, senón aos órganos que estes ocupan. Sen embargo, coincide en afirmar que o xudicial non é un poder

²⁷ CRUZ VILLALÓN, P.: "La administración de Justicia en el Estatuto de Andalucía", en *La curiosidad del jurista persa y otros estudios sobre la constitución*, Madrid, 1999, pp. 310-312 enuncia ambas posibilidades no sentido de entender que ambos poderían ser ben a potestade normativa en relación ao exercicio da potestade xurisdiccional, ou ben, en sentido amplo, unha reserva da potestade lexislativa e regulamentaria do relacionado co Poder Xudicial para o Estado central.

²⁸ Nesta liña atópanse autores como CRUZ VILLALÓN, P.: "La administración de Justicia en el Estatuto de Andalucía", en *La curiosidad del jurista persa y otros estudios sobre la constitución*, Madrid, 1999, p. 307, para quen Administración de Xustiza fai referencia ao aspecto funcional do Poder Xudicial; OTTO, I. DE: "Organización del Poder Judicial y comunidades Autónomas", en *Estudios sobre el Poder Judicial*. Madrid, 1989, p. 206, quen define Administración de Xustiza como as funcións e medios de cooperación e auxilio que non se contemplan no Título VI; REVERÓN PALENZUELA, B.: *Poder judicial, unidad jurisdiccional y estado autonómico*, Granada, 1996, p. 2, quen estima que o concepto engloba as funcións de cooperación e auxilio; LÓPEZ AGUILAR, J. F.: *Justicia y Estado Autonómico*, Madrid, 1994, p. 33, quen inclúe na Administración de Xustiza aquela operación de apoio á prestación estatal da xurisdicción. Mesmo os pronunciamentos do TC ao respecto non son unánimes, pois un dos votos particulares realizados á STC 105/2000, de 13 de abril, por D. Vicente Conde Martín de Hijas critica a doutrina que o TC mantén dende a STC 56/1990, ao entender que non é posíbel a distinción entre Administración de Xustiza e administración da Administración de Xustiza, e que todas estas materias deberían ser atribuídas ao CXPX, xa que o contrario supón a modificación da regulación constitucional do mesmo.

²⁹ A dicción da STC 56/1990, de 29 de marzo, FX 6, é clara cando sinala que "o Poder Xudicial é único e a el lle corresponde vulgar e facer executar o xulgado, e así se desprende do art. 117.5 da CE: en segundo lugar, o goberno dese Poder Xudicial é tamén único, e corresponde ao Consello Xeral do Poder Xudicial (art. 122.2 CE). A competencia estatal reservada como exclusiva polo art. 149.1.5 remata precisamente alí".

As consecuencias de acoller unha ou outra interpretación son ben diferentes, e implican consecuencias xurídicas abondo diversas³⁰. A interpretación ampla veda calquera asunción por parte do EAG de materia ningunha relacionada coa Xustiza, xa que estarían reservadas ao Estado central en virtude do art. 149.1. O único xeito de atribución competencial á Comunidade Autónoma sería a través do mecanismo do art. 150.2 CE, é dicir, as leis de delegación ou transferencia daquelas materias de titularidade estatal que fosen susceptibles de delegación pola súa propia natureza. En base a este mecanismo, propúxose salvar a constitucionalidade das atribucións estatutarias, fundamentalmente das chamadas cláusulas subrogatorias, mediante a ficción de considerar estas disposicións estatutarias como pertencentes a unha lei do art. 150.2, habida conta do carácter de Lei orgánica que ambas teñen. Sen embargo, como demostrou DE OTTO³¹, e en doutrina contida tamén na STC 56/1990³², tal ficción é imposible, debido ao carácter bilateral do Estatuto de Autonomía que implica aceptación por parte da Comunidade Autónoma, e un procedemento de revisión reforzado, máis dificultoso que o da simple Lei orgánica, e ao carácter unilateral e esencialmente revocábel que posúen as Leis de delegación ou transferencia.

A aceptación do concepto estricto de Administración de Xustiza, acollido polo TC, posibilita salvar a constitucionalidade das aludidas cláusulas subrogatorias – ás que despois nos referiremos máis polo miúdo – en canto poderían ser asumidas polo EAG a través da cláusula do 149.3, todas aquelas materias que non puidesen ser incluídas dentro do núcleo esencial da Administración de Xustiza³³. Polo tanto, tal concepto, en principio, divide as materias de Xustiza en dúas, aquelas que teñen que ver coa potestade xurisdiccional, que deberán ser asumidas en virtude do art. 122.2 CE polo CXPX, e aquelas outras que integran a chamada “administración da Administración de Xustiza”, que poderán ser asumidas pola Comunidade Autónoma, sempre e cando así o prevexa o Estatuto. Veremos como, de acordo coa cláusula subrogatoria do art. 20.1 EAG, o previsíbel era a asunción por parte da Comunidade Autónoma de amplas xestións neste ámbito e como, sen embargo, o TC creba aquí a súa liña argumental para, aínda admitindo a súa constitucionalidade, baleirar de contido a cláusula mencionada³⁴.

³⁰ Así o salienta a STC 56/1990, de 29 de marzo no FX 6, ao indicar que “A distinción entre un sentido amplo e un sentido estricto no concepto de Administración de Xustiza non é algo irrelevante xurídicamente. Ten valor para distinguir entre función xurisdiccional propiamente dita e ordenación dos elementos intrínsecamente unidos á determinación da independencia con que debe desenvolverse, por unha banda, e outros aspectos que, máis ou menos unidos ao anterior, sírvenlle de sustento material ou persoal, por outro. Antes de proceder a un reparto de poder territorial, débese delimitar o campo de autogoberno que garantirá a independencia respecto de outras funcións accesorias ou de auxilio, non incluídas nin na función de xulgar e facer executar o xulgado, nin nese autogoberno garantía da independencia funcional”.

³¹ OTTO, I. DE: “Organización del Poder Judicial y comunidades Autónomas”, en *Estudios sobre el Poder Judicial*, Madrid, 1989, pp. 193-197.

³² FX 5: “Os Estatutos de Autonomía non son instrumentos nin útiles nin constitucionalmente correctos para realizar as transferencias ou delegacións de facultades dunha materia de titularidade estatal permitidas polo art. 150.2 CE. Se o Estatuto é o paradigma dos instrumentos xurídicos da autoorganización, a transferencia e delegación caen no ámbito da heteroorganización.”

³³ STC 56/90, de 29 de marzo, FFX 4 e 6.

³⁴ “A interpretación do TX apoiase nunha distinción conceptual amplamente elaborada pola doutrina. Dentro da Administración de Xustiza, esta propón a distinción entre unha esfera xurisdiccional, unha esfera de goberno e unha esfera burocrática. A cuestión que había de dilucidar, sen embargo, é a de se a esfera de goberno se esgota coas facultades atribuídas ao CXPX – tese inicial do TC, aínda que logo vemos que non a mantén – ou se se proxecta tamén en parte sobre o executivo – tese como veremos, na que acaba desembocando o discurso do TC. O punto de partida adoptado polo TC, aparentemente favorábel á máxima extensión competencial posíbel a favor das CCAA entre as diversas interpretacións propugnadas, é, acto seguido, obxecto de correccións de magnitude substancial.” XIOT. RIUS, J. A.: “Las competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Justicia” (I e II), AA, 1992, nº 1, p. 70.

IV. O ART. 20.1 EAG: A CLÁUSULA SUBROGATORIA

O art. 20.1 EAG contén a que se deu en chamar por doutrina e xurisprudencia constitucional cláusula subrogatoria. Por medio dese artigo, a Comunidade Autónoma asume todas as facultades que a Lei orgánica do Consello Xeral do Poder Xudicial e a LOPX (que derroga á anterior ao ser promulgada en 1985) atribúen ou recoñecen ao Goberno do Estado. Por esta curiosa técnica do reenvío ás leis estatais, o executivo da Comunidade Autónoma vaise reservar, no eido do seu territorio, todas aquelas atribucións, en materia de administración da Administración de Xustiza, que non se reserven ou ao Lexislativo, ou ao Consello Xeral do Poder Xudicial. Implica ao mesmo tempo, que para a súa efectividade dependerá das disposicións concretas que se conteñan na LOPX³⁵, que vén deste xeito a actuar no insólito papel delimitador de competencias territoriais. A complexidade³⁶ e a orixinalidade desta técnica, que polo demais é xeral nos Estatutos de Autonomía das diversas Comunidades³⁷, motivou axiña dúbidas sobre a súa constitucionalidade e virtualidade para impor límites á futura regulación da LOPX, habida conta de que a aprobación do Estatuto é anterior á vixencia desta³⁸. Prescindindo da polémica doutrinal suscitada, e que basicamente se corresponde cos argumentos sinalados no epígrafe anterior, cómpre fixarse na interpretación do Tribunal Constitucional. Este parte da delimitación conceptual do art. 149.1.5 feita pola STC 56/1990. Segundo tal delimitación, aquelas materias que non pertencen estrictamente ao eido da función xurisdiccional e da salvagarda da independencia xudicial – que habían pertencer ao CXPX – poderían ser asumidas polas Comunidades Autónomas sempre e cando os Estatutos así o previsen³⁹; admite como acordes coa Constitución, deste xeito, o TC as cláusulas subrogatorias. Pero, como se sinalou anteriormente, a doutrina contida na STC 56/1990 leva adiante un baleirado do contido concreto das cláusulas, mediante o establecemento do límite de que as materias a asumir non entren no núcleo da Administración de Xustiza en sentido estricto. Esta reserva non debería sorprender – deben ser as materias que corresponden ao CXPX – se non fose porque o TC recoñece agora unha serie de materias que non puidendo ser asumidas polas CCAA non corresponden tampouco ao CXPX, senón ao Goberno central⁴⁰. Tal límite unido a outros

³⁵ Vide. LÓPEZ AGUILAR, J. F.: *Justicia y Estado Autonomico*, Madrid, 1994, p. 137. quen afirma que “as cláusulas subrogatorias son de por si títulos válidos de asunción de competencias en materias de xustiza, pero non para exercela con plena operatividade, en canto diferidos polo reenvío á LOPX”.

³⁶ LÓPEZ AGUILAR, J. F.: *Justicia y Estado Autonomico*, Madrid, 1994, p. 81 sinala que se trata “probablemente da máis problemática atribución de competencias de cantas veñen operadas polas diferentes normas institucionais básicas das CCAA”.

³⁷ Arts. 13 EAPV, 18 EAC, 52 EAAAnd., 41 EAAst., 39 EAMur., 39 EACV, 32 EAArg., 27 EACM, 27 EACan., 60 LON, 47 EAEx., 52 EAIB, 50 EAMa.

³⁸ A título de exemplo, vide. FERNÁNDEZ SEGADO, F.: “O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia”, en AA. VV.: *Manual de Dereito Galego*, Santiago de Compostela 1996, para quen a cláusula subrogatoria é inviábel na súa literalidade, polo que debe ser a regulación da LOPX a que concrete as facultades que corresponden ás CCAA, sen máis límites que o mínimo constitucional que representa o art. 152.1 CE.

³⁹ STC 56/1990, FFX 6 e 7.

⁴⁰ Esta incoherencia do TC é posta de manifesto por XIOL RIUS, J. A.: “Las competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Justicia” (I e II), AA, 1992, nº 1, p. 72, ao salientar que “O TC, tras proclamar teóricamente o alcance pleno das cláusulas subrogatorias desvíase logo da orientación de partida afirmando a existencia de amplas facultades executivas que, non obstante non estar atribuídas aos órganos de Goberno do Poder Xudicial, forman parte do núcleo non xurisdiccional – é dicir, do goberno ou política xudicial –, e polo tanto, deben considerarse incluídas no art. 149.1.5 CE e exercitábeis polo goberno do Estado, sen traspaso posíbel ás CCAA. O salto lóxico operado permite ao TC manter, sen considerar explícitamente as cláusulas subrogatorias dos EEAA como cláusulas debilitadas fonte á lei orgánica estatal, ou sinxelamente, como cláusulas dificilmente compatíbeis coa CE e necesitadas, por iso, dunha reinterpretación profundamente alteradora do seu sentido literal”.

mecanismos como a interpretación que o TC fai da caracterización como corpos nacionais do persoal ao servizo da Administración de Xustiza, que veremos máis adiante –, provocan o baleirado efectivo das cláusulas subrogatorias.

Da propia dicción do art. 20.1 EAG pódense tirar outros límites connaturais á cláusula subrogatoria. En primeiro lugar, as facultades para asumir deben ter sido na LOPX atribuídas ao Goberno, ou calquera dos seus departamentos, pero non ao CXPX. Deben ser, polo tanto, materias de execución simple, ou de ámbito regulamentario, pero de ningún xeito facultades lexislativas. As facultades deben ser ademais, inherentes ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

V. AS COMPETENCIAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALIZA NO QUE RESPECTA Á ADMINISTRACIÓN DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

A/ O reparto competencial.

Como tivemos ocasión de ver, aínda que en principio a interpretación que a STC 56/1990 efectúa nesta materia propiciaba un reparto de competencias entre o Consello Xeral do Poder Xudicial – naquilo que puidese afectar á independencia xudicial – e a Comunidade Autónoma – nas materias restantes –, finalmente a doutrina sentada polo TC fixo aparecer un terceiro tipo de materias, que poden afectar ao exercicio da potestade xurisdiccional, pero que fican atribuídas ao goberno central⁴¹. A consecuencia é que o reparto definitivo de competencias entre os diversos órganos dependerá das disposicións concretas da LOPX, e en último termo da interpretación *ah hoc* do TC con respecto a se cada materia determinada invade o cerne do que se considera Administración de Xustiza en sentido estricto. En consecuencia, o verdadeiro problema é o reparto de competencias entre o Goberno e o Consello Xeral do Poder Xudicial, e non a virtualidade ou non das cláusulas subrogatorias, xa que unha vez asumido o concepto estricto de Administración de Xustiza do art. 149.1.5, a consecuencia era inmediata se o reparto efectuado na LOPX fose acorde co desexo constitucional de atribución de funcións ao CXPX, é dicir, todas aquelas que puidesen influír na independencia xudicial, e estivesen dalgún xeito conectadas co exercicio da función xurisdiccional. Como sinala XIOL RIUS a consecuencia final da doutrina constitucional, é a existencia en mans do Goberno de funcións esenciais para o Poder Xudicial⁴².

Esta situación conduce a un reparto competencial de grande complexidade e escasa operatividade, denunciada mesmo polo Consello Xeral do Poder Xudicial, que resume os principais inconvenientes da situación actual na imprecisión xeral do deseño, que implica o deixamento ou superposición de actuacións, a afectación á independencia xudicial por parte do Ministerio de Xustiza, as disfuncións na xestión por parte das Comunidades Autónomas, que se ven impedidas de facer previsións e planificacións a medio e longo prazo, e a existencia de dilacións e ineficacias. Esta situación conduce a que o propio CXPX aposte por un novo reparto competencial no goberno da Administración de Xustiza, que simplifique a situación, tendo como alicerce o eixo CXPX-CCAA, reducindo as competencias do Ministerio de Xustiza, de xeito que as

⁴¹ XIOL RIUS, J. A.: “Las competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Justicia” (I e II), AA, 1992, nº 1, p. 64.

⁴² XIOL RIUS, J. A.: “Las competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Justicia” (I e II), AA, 1992, nº 1, p. 73.

tarefas de xestión e goberno fiquen distribuídas entre o propio Consello – no que haxa de garantir a independencia do Poder Xudicial – e as Comunidades Autónomas, - no aspecto orgánico -. Ao Ministerio de Xustiza corresponderalle encargarse dos órganos de carácter estatal, así como da coordinación e da iniciativa lexislativa, e mais do Ministerio Fiscal⁴³.

B/ O persoal ao servicio da Administración de Xustiza.

As competencias relativas ao persoal ao servicio da Administración de Xustiza teñen sido as máis problemáticas do conxunto de facultades que estamos a analizar, tanto polos continuos cambios de adscrición⁴⁴, que dotaron a este persoal dunha grande inestabilidade, nun proceso dinámico que aínda podemos considerar vixente, como polos argumentos e interpretacións utilizados polo TC – nomeadamente nas SSTC 56/1990, de 29 de marzo e 105/2000, de 13 de abril – para salvar a constitucionalidade da regulación da LOPX, en relación coa efectividade das cláusulas subrogatorias.

O art. 122.1 CE reserva á LOPX a regulación do estatuto xurídico do persoal ao servicio da Administración de Xustiza, pero non establece que tales corpos teñan o carácter de nacionais, como si fai respecto de Xuíces e Maxistrados que deben formar un corpo único; esta reserva de Lei orgánica impedirá a lexislación autonómica sobre a materia, pero non o desenvolvemento regulamentario nin a asunción de facultades de execución por parte das Comunidades⁴⁵, do xeito na que a realizan as cláusulas subrogatorias. Será a LOPX, a que no art. 454.2 preceptúe o carácter nacional destes corpos, e a posterior interpretación que o Tribunal Constitucional fai de tal circunstancia, pese a recoñecer que non é a única constitucionalmente admisíbel⁴⁶, a que baleire de contido os preceptos estatutarios (art. 20.1 EAG), provocando a contradicción nas súas argumentacións, e utilizando o expediente dos corpos nacionais para subverter o reparto constitucional de competencias efectuado pola Constitución e os Estatutos de Autonomía.

O art. 455 na súa redacción da LO 6/1985, de 1 de xullo reservaba ao Ministerio de Xustiza as materias de selección, formación e perfeccionamento, así como a provisión de destinos, ascensos, situacións administrativas e réxime disciplinario. Tal atribución semella, nun principio, necesaria para que, en virtude da técnica do reenvío, tales atribucións fosen asumidas por parte das Comunidades Autónomas (art. 20.1 EAG). Sen embargo, e na liña de baleirado do contido das cláusulas subrogatorias apuntada, o Tribunal Constitucional entende que a configuración como nacional destes corpos de funcionarios impide a atribución ás Comunidades Autónomas naquelas cuestións que

⁴³ Esta proposta pode atoparse desenvolvida no *Libro blanco de la Justicia*, Madrid, 1997, pp. 319-321 e habemos volver a ela ao tratar do persoal ao servicio da Administración de Xustiza.

⁴⁴ JIMÉNEZ ASENSIO, R.: “Competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Administración de Justicia y Libro blanco de la Justicia”, *Dos estudios sobre Administración de Justicia y Comunidades Autónomas*, Madrid, 1998, p. 42.

⁴⁵ A reserva á LOPX do estatuto do persoal ao servicio da Administración de Xustiza, non supón que exista na CE reserva explícita para que o exercicio da potestade regulamentaria deba ser feito polo Goberno central. Vide. JIMÉNEZ ASENSIO, R.: “Competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Administración de Justicia y Libro blanco de la Justicia”, *Dos estudios sobre Administración de Justicia y Comunidades Autónomas*, Madrid, 1998, p. 44. En contra desta apreciación maniféstase FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, L.: “La Administración de Justicia en Aragón: El Tribunal Superior de Justicia”, *RGD*, 1989, n.º 532-533, pp. 13-14, para quen esta competencia viría atribuída ao Estado central en virtude do art. 122.1 CE.

⁴⁶ Nisto hai certo consenso por parte da doutrina. Vide. REVERÓN PALENZUELA, B.: *Poder judicial, unidad jurisdiccional y estado autonómico*, Granada, 1996, p. 157; LÓPEZ AGUILAR, J. F.: *Justicia y Estado Autonómico*, Madrid, 1994, p. 275; aínda que mesmo hai quen considera inconstitucional tal configuración. Vide. JIMÉNEZ ASENSIO, R.: “Competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Administración de Justicia y Libro blanco de la Justicia”, *Dos estudios sobre Administración de Justicia y Comunidades Autónomas*, Madrid, 1998, p. 53.

estean incluídos naquel *tertium genus* de facultades, é dicir, as que non estando atribuídas ao Consello Xeral do Poder Xudicial, formen parte, sen embargo do núcleo da Administración de Xustiza reservado ao Estado no art. 149.1.5 CE⁴⁷.

Os criterios utilizados pola STC 56/1990, de 29 de marzo, para establecer cáles son estas materias indisponíbeis por parte da Comunidade Autónoma son fundamentalmente dous, a necesidade de establecer un réxime homoxéneo para estes funcionarios en todo o territorio español⁴⁸, debido á dimensión supraautonómica de determinados aspectos a regular, que derivaría do seu carácter de corpos nacionais⁴⁹, e a conveniencia de garantir a todos os cidadáns a igualdade no acceso á Administración de Xustiza⁵⁰, o que supón unha alusión velada ao art. 149.1.1 CE. Podemos comprobar, daquela, como o Tribunal Constitucional, tras declarar conforme á Constitución a cláusula subrogatoria do art. 20.1 EAG, leva a cabo unha interpretación expansiva do carácter de nacional dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza que arrastra dúas consecuencias. En primeiro lugar, a falla de virtualidade da cláusula subrogatoria⁵¹, e en segundo lugar, a atribución ao regulamento que desenvolva o réxime xurídico do persoal ao servizo da Administración de Xustiza do carácter de norma delimitadora de competencias, mesmo por riba do Estatuto de Autonomía, o que pode moi dificilmente ser considerado axeitado á normativa constitucional⁵².

47 XIOL RIUS, J. A.: "Las competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Justicia" (I e II), AA, 1992, nº 1, p. 72, critica expresamente este argumento, que para este autor lembra ás argumentacións utilizadas en ocasións polo propio Tribunal para estender o concepto de norma legal básica a aspectos executivos, fundándose precisamente na necesidade dun réxime uniforme.

48 "A configuración como Corpos nacionais comporta a necesidade dun réxime común en todo o territorio nacional, decisión que vén sen dúbida xustificada por canto, aínda cando non sexan tales corpos parte da Administración de Xustiza no senso do art. 149.1.5 CE, si resulta a súa actuación necesaria, en canto colaboración imprescindible para a actividade desa Administración e o cumprimento das súas funcións. A súa consideración como Corpos Nacionais e o establecemento dun réxime común aparecen así como a técnica adoptada polo lexislador orgánico para garantir de xeito homoxéneo, en todas as CCAA, os dereitos dos cidadáns nas súas relacións coa Administración de Xustiza. A reserva a unhas instancias comúns daquelas actuacións que, aínda sendo tipicamente executivas, poden afectar en xeito decisivo a elementos esenciais do estatuto dos funcionarios integrados nos Corpos Nacionais ao Servizo da Administración de Xustiza. Fican excluídos das cláusulas subrogatorias dos Estatutos de Autonomía aquelas atribucións que, encomendadas pola LOPX ao Goberno da Nación, resultan obrigadamente reservadas a este, para manter o carácter propio de corpo nacional. Do contrario virían a baleirarse de contido as previsións da LOPX neste senso. Si xogarían o seu papel as cláusulas subrogatorias respecto de todas aquelas atribucións encomendadas ao executivo estatal que non resulten imprescindíbeis ou esenciais para o mantemento do carácter de Corpo Nacional respecto dos integrados na Administración de Xustiza". STC 56/1990, de 29 de marzo, FX 10.

49 "Definidos os corpos ao servizo da Administración de Xustiza como de ámbito nacional, non cabe dúbida que todo o que afecta á súa selección, formación e perfeccionamiento, posúe unha dimensión supraautonómica, ser prexuízo de que a posibilidade de que as Comunidade Autónomas poden coadxuvar mediante técnicas de colaboración ou auxilio. O carácter nacional de ditos corpos non impide o xogo da cláusula subrogatoria en relación coa provisión de destinos en órganos de ámbito territorial igual ou inferior á CA". STC 56/1990, de 29 de marzo, FX 11.

50 Este argumento é cualificado de meramente retórico por JIMÉNEZ ASENSIO, R.: "Competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Administración de Justicia y Libro blanco de la Justicia", *Dos estudios sobre Administración de Justicia y Comunidades Autónomas*, Madrid, 1998, p. 46.

51 A limitación das cláusulas subrogatorias vese clara en dous parágrafos da STC 56/1990, de 29 de marzo, FFFX 10 e 11: "Corresponden ao Estado fixar normativamente o estatuto e réxime xurídico do persoal ao servizo da Administración de Xustiza. Concede a CE ao lexislador orgánico a potestade de configurar o estatuto dese persoal, e ante a atribución expresa á LOPX neste senso, as cláusulas subrogatorias dos Estatutos de Autonomía á luz do que nesa disposición estatal se prevexa (...) A eficacia das cláusulas subrogatorias dos Estatutos, por conseguinte, operará en tanto non afecten ao ámbito reservado á regulación orgánica, é dicir, en tanto non alteren os elementos alí contidos que poidan reputarse definitivos e esenciais do estatuto do persoal" (...) "A provisión de destinos, o carácter nacional dos Corpos de Persoal ao Servizo da Administración de Xustiza non impide o xogo da cláusula subrogatoria en relación coa provisión de destinos en órganos de ámbito territorial igual ou inferior ao de CA. A unidade de Corpo ha de traer consigo a necesaria colaboración de cada unha das CCAA competentes co Ministerio de Xustiza, nos termos que prevexa unha futura e necesaria normativa".

52 Vide. JIMÉNEZ ASENSIO, R.: "Competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Administración de Justicia y Libro blanco de la Justicia", *Dos estudios sobre Administración de Justicia y Comunidades Autónomas*, Madrid, 1998, pp. 55-57.

A LO 16/1994, de 8 de novembro reforma a dicción do art. 455 LOPX, que agora sinala que as competencias respecto de *todo o persoal* da Administración de Xustiza corresponden ao Ministerio de Xustiza (e Interior) ou, no seu caso, ás Comunidades Autónomas en todas as materias relativas ao seu Estatuto e réxime xurídico. Semella daquela que o lexislador orgánico decide eliminar as dúbidas da anterior lexislación e atribuír ás Comunidades Autónomas con competencias na materia as facultades relativas ao persoal ao servizo da Administración de Xustiza, debéndose interpretar o inciso “no seu caso”, no sentido de que as Comunidades Autónomas teñan atribuída polo seu Estatuto a competencia, como é o caso de Galiza, converténdose practicamente estes corpos en corpos autonómicos⁵³ (aínda que a LOPX os segue considerando corpos nacionais). Esta reforma foi obxecto de recurso de inconstitucionalidade, e o TC tivo ocasión de pronunciarse ao respecto na recente sentenza 105/2000, de 13 de marzo.

Nesta sentenza, o TC mantén a doutrina sentada na STC 56/1990, de 29 de marzo,⁵⁴ sinalando a necesidade de homoxeneizar o réxime xurídico deste persoal⁵⁵, para o cal interpreta o inciso “no seu caso” non no sentido que aquí se fixo, senón entendendo que facía referencia á posibilidade de que estas atribucións fosen, pola súa propia natureza susceptíbeis de asunción por parte da Comunidade Autónoma⁵⁶. Esta interpretación forzada da literalidade do art. 455 LOPX co obxecto de manter a doutrina antes sinalada, e que impide o avance no proceso de autonomización destes corpos ao servizo da Administración de Xustiza, recibiu as críticas mesmo dalgúns membros do propio Tribunal Constitucional, ao consideraren que se transivera a dicción do art. 455 LOPX⁵⁷.

⁵³ REVERÓN PALENZUELA, B.: *Poder judicial, unidad jurisdiccional y estado autonómico*. Granada, 1996, p. 164, considera que tras a LO 6/1994, o art. 455 LOPX configura a estes corpos de funcionarios como corpos autonómicos.

⁵⁴ É significativo o seguinte parágrafo da asunción polo TC da doutrina sentada na STC 56/1990: “A atribución dunha competencia ao Goberno ou ao Ministerio de Xustiza pola LOPX non implica necesariamente que tal competencia poida ser asumida polas CCAA en virtude das cláusulas subrogatorias, pois a operatividade destas ten certos límites. Así no podrán jugar en aquello que, aun atribuido al Gobierno o al Ministerio de Justicia (pero no reservado constitucionalmente al CGPJ), se incluya en el núcleo de la Administración de Justicia reservado al Estado por el art. 149.1 5 CE; tampoco en relación con aquellas facultades atribuidas al Gobierno o al indicado Departamento ministerial con alcance supracomunitario; en fin, respecto de cada concreta materia pueden existir otros títulos que incidan en ella y que enerven, en el caso concreto de que se trate, el juego de las cláusulas subrogatorias”. STC 105/2000, de 13 de abril de 2000, FX 5.

⁵⁵ “ (...) a necesaria existencia dun núcleo homoxéneo no réxime xurídico do persoal ao servizo da Administración de Xustiza xustifica a reserva a unhas instancias comúns daquelas materias que poidan afectar de xeito decisivo a elementos esenciais do estatuto de dito persoal, tal e como foi configurado en cada momento pola LOPX. Son estas as materias respecto das cales as cláusulas subrogatorias non poderán entrar en xogo, polo que o art. 455 LOPX non pode ser entendido no sentido de que aquelas cláusulas permitan que ás Comunidades Autónomas lles corresponda a totalidade das materias relativas ao estatuto e réxime xurídico do persoal ao servizo da Administración de Xustiza” STC 105/2000, de 13 de abril de 2000.

⁵⁶ “(...) en suma, ha de se excluír que o art. 455 LOPX estableza a necesaria consecuencia de que a inclusión nos Estatutos de Autonomía das cláusulas subrogatorias atribúe ás CCAA a competencia sobre a totalidade das materias que no texto do indicado precepto se enumeran. A utilización neste artigo da expresión “no seu caso” implica que a competencia sobre determinadas materias unicamente poderá considerarse atribuída ás CCAA cando as materias conetempladas sexan algunhas daquelas que, co alcance anteriormente indicado, permiten o xogo das cláusulas subrogatorias existentes nos correspondentes Estatutos, ou cando a respectiva competencia se asumise polos Entes Autonómicos en virtude doutro título constitucionalmente válido”. STC 105/2000, de 13 de abril de 2000, FX 5.

⁵⁷ A STC 105/2000, de 13 de abril, recibiu dous votos particulares (por parte de Mendizábal Allende, ao que se adhire Jiménez de Parga y Cabrera, e de Conde Martín de Hijas) especialmente críticos non só cos fundamentos desta sentenza en concreto, senón, principalmente, coa doutrina da STC 56/1990, de 29 de marzo. Reproducimos aquí un parágrafo do segundo destes votos particulares, que é especialmente significativo: “O art. 455 LOPX abre á competencia das CCAA todas as materias a que o precepto se refire e que o recorte interpretativo que na STC se fai forza o senso lóxico da expresión “no seu caso”, naturalmente referíbel ás cláusulas subrogatorias dos distintos EEA en non ao diferente significado das distintas materias dende a perspectiva da posíbel subrogabilidade nas competencias a elas atinentes. Resulta artificioso este recorte interpretativo, cando en inmediata ligazón cos termos “no seu caso” o precepto alude a “todas as materias relativas a...”. Hai, ao meu xuízo, unha inocultábel distorsión interpretativa do precepto, para acomodalo á doutrina da STC 56/1990”.

Partindo deste deseño xeral, pódense resumir as competencias autonómicas sobre o persoal da Administración de Xustiza nos seguintes termos: con respecto aos Secretarios Xudiciais, a Comunidade Autónoma ten atribucións residuais sobre a formación continua e a regulación do coñecemento da lingua do país; sobre os oficiais, auxiliares e axentes xudiciais, o complexo reparto de funcións efectuado pola interpretación constitucional dos preceptos da LOPX e o carácter de corpos nacionais, permite que determinadas cuestións concretas sexan xestionadas pola Comunidade, pero vese impedida a facer política ningunha de persoal, en relación cun funcionariado que está financiando, e ao que está dotando con medios materiais que, se cadra, non está capacitado para manexar, séndolle imposible ademais incidir en aspectos básicos como o coñecemento da lingua propia, dificultando o dereito dos cidadáns a utilizaren a súa lingua nas relacións coa Administración de Xustiza, e distanciándose así da Administración autonómica; en canto ao corpo de médicos forenses, aínda que ten a categoría de corpo nacional (454.2 LOPX), os Institutos de Medicina Legal si poden ser xestionados pola Comunidade Autónoma; finalmente, o persoal laboral ao servizo da Administración de Xustiza pode ser un eido de actuación da Comunidade Autónoma, xa que o art. 508 LOPX faculta a contratar persoal ao goberno autonómico.

O resultado do reparto de competencias entre os tres ámbitos institucionais é a propia indefinición do modelo, e o que ten sido cualificado como caos normativo e competencial. As propostas de mellora foron moitas, pero cómpre salientar, pola importancia institucional de quen a fai, a realizada polo Consello Xeral do Poder Xudicial no chamado *Libro blanco de la Justicia*. O modelo polo que aposta o CXPX é, como xa se indicou, o que xira na división de competencia entre o propio Consello, que asumiría as atribucións en materia do persoal xurisdiccional e dos secretarios xudiciais⁵⁸, e as Comunidades autónomas, que asumirían as correspondentes ao resto do persoal ao servizo da Administración de Xustiza⁵⁹, incluído a celebración a nivel territorial das probas de ingreso, de acordo coas vacantes existentes nos órganos xudiciais con sede no seu territorio e a relación de postos de traballo correspondente⁶⁰.

C/ A potestade regulamentaria.

O art. 110.2 LOPX faculta ao CXPX para dictar regulamentos que desenvolvan a Lei, así como para establecer regulacións de carácter secundario e auxiliar. Pero esta non é a única atribución de potestade regulamentaria que realiza a LOPX, senón que na Disposición Adicional 1ª.2 a Lei permite ao Goberno ou “no seu caso”, ás Comunidades

⁵⁸ A adscripción dos Secretarios Xudiciais á Comunidade Autónoma ou ao Consello Xeral do Poder Xudicial ten sido discutida pola doutrina, en relación co seu posíbel carácter cuase-xurisdiccional. A favor da primeira opción pode verse JIMÉNEZ ASENSIO, R.: “Competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Administración de Justicia y Libro blanco de la Justicia”, *Dos estudios sobre Administración de Justicia y Comunidades Autónomas*, Madrid, 1998, pp. 48-52. Sobre a súa adscripción ao Consello tense amosado favorábel REVERÓN PALENZUELA, B.: *Poder judicial, unidad jurisdiccional y estado autonómico*, Granada, 1996, pp. 158-159. Tamén o propio Consello Xeral do Poder Xudicial ten asumido esta opción: *Libro blanco de la Justicia*, Madrid, 1997, p. 139.

⁵⁹ “Cómpre un labor de simplificación que supoñía, en último termo, que a titularidade da competencia sobre o persoal se transfira ás correspondentes Comunidades Autónomas, de acordo coas previsións dos seus EE de AA, mentres que correspondería ao Consello Xeral do Poder Xudicial a competencia sobre os Xuíces e Maxistrados e os Secretarios Xudiciais, así como en consecuencia, as funcións de xestión que a estes se propón atribuír. En calquera caso, esta distribución de competencias debe completarse co establecemento de mecanismos de coordinación entre o Consello Xeral do Poder Xudicial e os órganos competentes dos distintos executivos, para rematar con algunhas situacións que a ninguén satisfán e que rematan provocando atrasos na adopción de decisións ou decisións que se adoptan sen ter un conta a opinión do órgano de goberno dos xuíces”. CXPX: *Libro blanco de la Justicia*, Madrid, 1997, p. 139.

⁶⁰ CXPX: *Libro blanco de la Justicia*, Madrid, 1997, p. 137.

Autónomas con competencias na materia, aprobar regulamentos que estean esixidos pola mesma lei para o seu desenvolvemento. Podemos dicir, xa que logo, que se efectúa un reparto da potestade regulamentaria a “tres bandas”⁶¹.

O TC tivo ocasión de pronunciarse sobre esta atribución de potestade regulamentaria ao Goberno e ás Comunidades Autónomas na xa aludida STC 105/2000, de 13 de abril, e fíxoo en termos moi semellantes aos efectuados con respecto aos pronunciamentos relativos á anterior sentenza 56/1990 no tocante ás cláusulas subrogatorias. Para o TC a potestade regulamentaria vén atribuída na LOPX en termos xerais ao CXPX, e mediante a DA 1ª.2 tanto o Goberno central como os executivos das CCAA resultan habilitados para dicitar disposicións xerais, pero unicamente no ámbito das competencias que teñan asignadas⁶². Deste xeito a facultade regulamentaria que se lle recoñece á Comunidade non ten a mesma extensión que a do Goberno central, habida conta a previa interpretación que o TC tiña feito das prescricións da LOPX, e alcanza unicamente ás materias nas que se lle recoñecen atribucións, sexa de xeito xeral polas cláusulas subrogatorias, ou por calquera outro título constitucional (como ocorre no caso da demarcación xudicial). Establece un último límite o TC, en relación co último inciso da disposición que estamos a estudar, e é o feito de que en ningún caso as Comunidades Autónomas poden regular condicións accesorias do estatuto xudicial⁶³, ao entender, interpretamos, que se atopan incluídas no núcleo inasumíbel polas Autonomías do art. 149.1.5. Cabe pensar que se cadra esta afirmación se extralimita na súa literalidade, pois é posíbel que a Comunidade Autónoma se vexa obrigada a dicitar algún tipo de norma para, por exemplo, regular os mecanismos que porá a disposición da formación permanente de Xuíces e Maxistrados, funcións que vén desenvolvendo na actualidade a Comunidade Galega.

D/ A xestión dos medios materiais ao servizo da Administración de Xustiza

A asunción pola Comunidade Autónoma de materias relacionadas á xestión dos medios materiais dos que se vale a Administración de Xustiza non ten provocado a polémica das cuestións estudadas anteriormente. Aínda que o art. 37.1 LOPX outorga ao Goberno a provisión dos medios precisos para o correcto desenvolvemento da función xurisdiccional, o apartado terceiro do mesmo artigo posibilita que sexan as Comunidades autónomas as que asuman a xestión de todo tipo de recursos, calquera que sexa a súa consideración orzamentaria, dentro das competencias do Goberno do art. 37.1 LOPX, sempre e cando os Estatutos recoñezan facultades na materia. O EAG asumiría tal competencia a través da cláusula subrogatoria do art. 20.1, segundo a interpretación dada polo propio Tribunal Constitucional⁶⁴. A efectiva asunción da facultade virá determinada polos chamados decretos de transferencias, que teremos ocasión de estudar máis adiante.

Para o correcto exercicio desta competencia, o Consello Xeral do Poder Xudicial debe dirixir ao Ministerio de Xustiza unha relación circunstanciada das necesidades existentes na Administración de Xustiza (art. 37.2 LOPX). Este artigo foi recorrido ante o Tribunal Constitucional por considerarse que dirixir o informe unicamente ao Goberno do Estado contraviña as competencias autonómicas na materia. O TC, na tantas veces aludida STC 56/1990, de 29 de marzo⁶⁵, afirmou a constitucionalidade do precepto, ao consi-

61 A expresión é de REVERÓN PALENZUELA, B.: *Poder judicial, unidad jurisdiccional y estado autonómico*, Granada, 1996, pp. 172-174.

62 STC 105/2000, de 13 de abril de 2000, FX 7.

63 STC 105/2000, de 13 de abril de 2000, FX 10.

64 TC 56/1990, de 29 de marzo, FX 12

65 FX 12.

derar que o informe unitario tiña un carácter supracomunitario, polo que o lóxico sería que se tramitase a través do Goberno central, e que despois sería este o encargado de poñer de manifesto estas necesidades á autoridade autonómica competente. Realmente, e habida conta da asunción de competencias por parte de diversas Comunidades Autónomas, tería sido máis funcional e eficiente que o informe se realizase de xeito territorializado, dirixido ás Comunidades Autónomas con competencias na dotación de medios materiais, e ao Goberno central con respecto aos órganos con competencia en todo o Estado, e das Comunidades que non tivesen asumidas as competencias.

E/ Facultade de instancia para a provisión de destinos

O art. 24.1 EAG reconece á Comunidade Autónoma a posibilidade de intervir nunha materia vinculada co exercicio da potestade xurisdiccional, aínda cando sexa dun xeito residual, a través da acción do executivo autonómico. Esta intervención é a facultade de instancia por parte da Xunta de Galiza ao órgano competente para a convocatoria de concursos e oposicións para cubrir as prazas vacantes en Galiza de Maxistrados, Xuíces, Secretarios e persoal ao servizo da Administración de Xustiza, sempre de acordo co disposto na LOPX. Esta establece no art. 315 que as oposicións e concursos para cubrir as vacantes da Carreira Xudicial, do Secretariado e do resto do persoal ao servizo da Administración de Xustiza serán convocadas a instancia da Comunidade Autónoma onde se produzan as vacantes.

Dous problemas se presentan con respecto a esta facultade de instancia. En primeiro lugar é a necesidade do seu exercicio, é dicir, se é posíbel convocar as oposicións e concursos sen que exista o previo exercicio da facultade de instancia autonómica, no caso das Comunidades que teñan asumida a competencia. A resposta debe ser positiva, habida conta dos pronunciamentos do TC, que afirma na STC 158/1992 que a competencia autonómica de instancia non pode servir para anular unha competencia exclusiva do Estado, polo que as correspondentes probas selectivas poderán ser convocadas de igual xeito⁶⁶. Outra cuestión a debater sería a da vinculatoriedade da instancia autonómica, é dicir, se unha vez promovida a instancia pola Comunidade Autónoma, o órgano competente vén obrigado a efectuar a conseguinte convocatoria. Semella que, seguindo o razoamento aludido do TC, a convocatoria non sería automática, xa que deste xeito a competencia se estaría trasladando á Comunidade Autónoma e baleirando novamente, esta vez por vía activa e non pasiva, a competencia estatal na materia. Hai autores, sen embargo, que entenden a existencia de certa obrigatoriedade, aínda que sexa unicamente no sentido de dar algún tipo de explicación no caso de que non se proceda á convocatoria, xustificando as causas que impiden ou demoren facelo⁶⁷.

F/ Instancia para a inspección de Xulgados e Tribunais

O art. 171.4 LOPX concede ao Ministerio de Xustiza a posibilidade de instar cando o considera necesario, a inspección de calquera Xulgado ou Tribunal, debendo o CXPX, con posterioridade, indicarlle a resolución e, no seu caso, as medidas adoptadas. Con respecto a este precepto, sorprendentemente coa liña argumental que estaba a seguir⁶⁸, o TC reconeceu ás cláusulas subrogatorias a maior amplitude, de xeito que interpretou este artigo no sentido de que serían as CCAA con competencias na materia,

⁶⁶ Vide. REVERÓN PALENZUELA, B.: *Poder judicial, unidad jurisdiccional y estado autonómico*. Granada, 1996, p. 160.

⁶⁷ FERNÁNDEZ SEGADO, F.: "O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia", en AA. VV.: *Manual de Dereito Galego*, Santiago de Compostela 1996, p. 304.

⁶⁸ Vide. O referido *supra* á liña argumental seguida polo TC na STC 56/1990, de 29 de marzo.

é dicir, con cláusulas subrogatorias nos seus Estatutos – como é o caso de Galiza (art. 20.1) – as únicas lexitimadas para instar a inspección, puidendo o Ministerio de Xustiza facelo unicamente respecto daquelas Autonomías que non tivesen asumido competencias neste aspecto⁶⁹.

A negación ao Goberno central desta posibilidade foi criticada nun voto particular a esta sentenza, efectuado por Gimeno Sendra, quen pon de relevo a contradicción na que incide a sentenza con respecto aos pronunciamentos anteriores, ao sinalar que “abondaría declarar que, polo xogo da cláusula subrogatoria, idéntica facultade se lles ha de recoñecer a ditas CCAA. Pero, ao non declararse así e consagrar dita prohibición do Ministerio de Xustiza, a sentenza maniféstase incongruente coa declaración de constitucionalidade da competencia de dito Ministerio sobre o Estatuto xurídico do persoal ao servizo da Administración de Xustiza, así como coa responsabilidade do Estado polo funcionamento anormal da Administración de Xustiza”⁷⁰.

G/ Recoñecemento da especialización en dereito propio e coñecemento da lingua do país na provisión de prazas

O art. 25 EAG establece a cualificación como mérito preferente para a resolución de concursos e oposicións para prover postos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galiza da especialización en Dereito Galego e o coñecemento do idioma propio do país. Con esta disposición o Estatuto tenta dalgún xeito preservar as peculiaridades xurídicas e lingüísticas de Galiza⁷¹ dentro do mantemento do principio de unidade xurisdiccional. A valoración tanto do coñecemento do galego como do dereito propio debe, sen embargo, facerse de acordo non só con esta norma estatutaria, senón co disposto pola LOPX ao respecto⁷², en virtude da reserva material de Lei establecida polo art. 122.1 CE. A LOPX adica unha serie de preceptos á materia; así, o art. 341 acorda que para a provisión de prazas de presidente dos Tribunais Superiores de Xustiza e das Audiencias Provinciais naquelas Comunidades con Dereito Civil especial ou foral, así como de idioma oficial propio, estes valoraranse como mérito. Tamén se refire o art. 471 LOPX aos concursos de provisión de prazas, en xeral, nos que se estimará igualmente o coñecemento da lingua galega.

O TC ten interpretado estas disposicións, establecendo diversas puntualizacións⁷³. A primeira cuestión que resolve o TC é o alcance da expresión “Dereito Galego”, no sentido de referirse a toda a produción normativa da Comunidade, e non só ao Dereito civil foral ou especial, senón incluíndo tamén as normas de Dereito público que dictasen en desenvolvemento das súas competencias. Por outra banda, o TC incide en que dado o carácter de corpos nacionais, non se pode aplicar a esixencia de especialización á entrada na carreira, senón ao acceso ás prazas vacantes no territorio da Comunidade, unha vez producido o ingreso no correspondente corpo.

H/ Os Decretos de transferencias.

Se ben é certo que as competencias correspondentes son asumidas pola Comunidade Autónoma a través da súa inclusión no Estatuto de Autonomía, o exerci-

⁶⁹ STC 56/1990, de 29 de marzo, FX 13.

⁷⁰ A doutrina amósase de acordo co argumento expresado neste voto particular; vide. LÓPEZ AGUILAR, J. F.: *Justicia y Estado Autonomico*, Madrid, 1994, p. 226.

⁷¹ FERNÁNDEZ SEGADO, F.: “O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia”, en AA. VV.: *Manual de Dereito Galego*, Santiago de Compostela 1996, p. 306.

⁷² LÓPEZ AGUILAR, J. F.: *Justicia y Estado Autonomico*, Madrid, 1994, p. 179.

⁷³ STC 56/1990, de 29 de marzo, FFXX 45 e 46.

cio real das facultades asumidas precisa dunha serie de medios materiais, persoais e financeiros, que deben ser transferidos pola Administración do Estado á Administración Autonómica⁷⁴. A estes efectos, a DT 4ª EAG crea unha Comisión Mixta paritaria coa finalidade de transferir a Galiza as funcións e atribucións que lle corresponden. Os acordos desta comisión deben ser aprobados mediante os que se deron en chamar Decretos de transferencia, nos que figurarán tales acordos. A composición da Comisión, que integra a representantes do Estado central e da Comunidade Autónoma Galega, implica que para o efectivo traspaso é preciso o acordo previo entre ambas as administracións⁷⁵, polo que no caso de falla de acordo, que será polo tanto de tipo político, o traspaso pode demorarse de xeito indefinido, xa que o TC non se ten pronunciado sobre cal é a solución a estes supostos.

Os acordos da comisión creada na DT 4ª EAG, no que se refire á materia de Xustiza cristalizaron nunha serie de Reais Decretos de Transferencia, o primeiro dos cales é o RD 2166/1994, de 4 de novembro, polo que se traspasan á Comunidade Autónoma de Galiza funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos. Segundo o acordo nel recollido, a Comunidade será competente para a dotación e xestión de bens móbeis, o coidado dos edificios e o financiamento das quendas de oficio e dos servizos de asistencia letrada ao detido, entre outras. Este RD foi complementado, cos RRDD 94/1996, de 26 de xaneiro, 2395/1996, de 22 de novembro, 1380/1997, de 28 de agosto, e 372/1999, de 5 de marzo, polos que se realizan diversas transferencias económicas para que a Xunta de Galiza poida cumprir coas funcións asumidas na materia de Xustiza. En canto ao traspaso de funcións e servizos do Estado en materia de medios persoais, o RD 2397/1995, de 22 de novembro, traspasa determinadas funcións do Estado en relación aos corpos de Oficiais, Axentes e Auxiliares, e ao Corpo de Médicos Forenses. Ambos os Decretos vense complementados á súa vez polo RD 233/1998, de 16 de febreiro, que traspasa á Xunta de Galiza a provisión material ás Fiscalías e Institutos de Medicina Legal, así como adscribe determinado persoal á Comunidade Autónoma de Galiza.

VI. A PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA NO ESTABLECEMENTO DAS DEMARCACIÓNS TERRITORIAIS

O art. 152.1 II CE establece a posibilidade de que os Estatutos de Autonomía sinalen diversos xeitos nos que a Comunidade Autónoma poderá participar na organización das demarcacións xudiciais do territorio, de conformidade co que sinale a LOPX. Sen embargo, a aprobación do EAG por LO 1/1981, do 6 de abril produciuse, polo tanto, con anterioridade á promulgación da LOPX, tendo por iso o Estatuto de Autonomía de Galiza que regular a participación da Comunidade Autónoma nas demarcacións xudiciais sen poder atender ás prescricións da LOPX nesta materia⁷⁶. Utilizando como referente os Estatutos de Autonomía aprobados con anterioridade ao galego (vasco e catalán), o EAG establece no art. 20.2 que corresponde á Comunidade Autónoma fixar a delimitación das demarcacións territoriais dos órganos xurisdiccio-

⁷⁴ Vide. LÓPEZ AGUILAR, J. F.: *Justicia y Estado Autonómico*, Madrid, 1994, p. 190-191.

⁷⁵ XIOL RIUS, J. A.: "Las competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Justicia" (I e II), AA, 1992, nº 1, p. 85.

⁷⁶ FERNÁNDEZ SEGADO, F.: "O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia", en AA. VV.: *Manual de Dereito Galego*, Santiago de Compostela 1996, p. 280, salienta a dificultade coa que se enfrontaba o Estatuto para definir o xeito en que se había producir a participación, por iso en ausencia de LOPX o Estatuto escolle un camiño intermedio que, segundo o autor, consiste en entender a participación como repartimento das decisións.

nais na Galiza, tendo en conta para iso, os límites dos tradicionais partidos xudiciais e as características xeográficas e poboacionais do país. Deste xeito, o Estatuto asume competencias de carácter decisorio con respecto ás demarcacións territoriais infraautonómicas, sen se remitir á futura LOPX. Ao aprobarse a norma reguladora do Poder Xudicial, por LO 6/1985, de 1 de xullo, púidose comprobar que as facultades que esta reservaba en canto ao establecemento das demarcacións territoriais eran ben máis cativas. O art. 30 LOPX establece que o Estado se organiza territorialmente a efectos xudiciais, en concellos, partidos, provincias e Comunidades Autónomas. Os arts. 31 e 33 LOPX identifican ao concello e á provincia respectivamente coas circunscricións administrativas do mesmo nome. En canto á fixación dos partidos xudiciais, o art. 35.1 LOPX dispón que a demarcación xudicial se constituirá por lei. A tal fin as CCAA poderán participar remitindo ao Goberno unha proposta na que fixarán os partidos xudiciais (art. 35.2 LOPX) e unha vez examinadas estas propostas, e solicitado informe ao CXPX, elaborará un Proxecto de lei, o que implica que as propostas autonómicas non serán en ningún caso vinculantes, correspondendo a decisión última ás Cortes Xerais. Ao cabo, o art. 35.6 LOPX atribúe ás Comunidades Autónomas a facultade de determinar, por lei, a capitalidade dos partidos xudiciais.

Examinada a regulación que as tres normas – CE, EAG e LOPX – presentan, haberá que resolver unha serie de cuestións: en primeiro lugar, e dada a diverxencia entre o EAG e a LOPX, determinar cál é a norma que prevalece; unha vez discernida esta primeira cuestión, haberá que comprobar a qué demarcacións se estenden as competencias autonómicas, e cál é o alcance material destas e o xeito que terán de exercerlas.

Para resolver a primeira cuestión sinalada, debemos acudir á dicción da CE, que é tallante neste sentido, xa que se ben afirma a posibilidade das Comunidades Autónomas de intervir na organización das demarcacións xudiciais do territorio, é claro que tal intervención debe facerse de conformidade co previsto pola LOPX, polo que o EAG non pode afastarse da regulación desta, considerando que, en caso de discordancia, é a norma reguladora do Poder Xudicial a que debe seguirse prioritariamente⁷⁷.

Atendendo logo, ás prescricións da LOPX e á división que fai do territorio, podemos sinalar sobre qué demarcacións poderá actuar a Comunidade Autónoma de Galiza. Segundo o art. 148.1.2º CE e 27.2 EAG, a Comunidade Galega é competente para o establecemento dos termos municipais, polo que, ao identificar o art. 31 LOPX a demarcación xudicial coa administrativa, ha de considerarse que é a Comunidade Autónoma a que, á fin e ao cabo, fixará os termos municipais tamén a efectos xudiciais. En canto ao partido xudicial, o art. 35 LOPX semella claro ao indicar que a participación da Comunidade Autónoma se limitará a unha proposta non vinculante para o Goberno central nin, moito menos, para as Cortes Xerais⁷⁸. Poderá decidir en canto á capitalidade dos partidos xudiciais establecidos pola lei estatal, a través da correspondente lei autonómica. Finalmente, en canto á provincia, e utilizando o mesmo argumento que se acolleu no caso do concello, é claro tamén que a fixación dos límites desta exclúe totalmente a intervención da Comunidade Autónoma, xa que segundo o art. 141.1 CE calquera alteración dos límites provinciais haberá de ser aprobada polas Cortes Xerais mediante Lei orgánica, aínda que ben se podía ter considerado que a fixación da capitalidade provin-

⁷⁷ FERNÁNDEZ SEGADO, F.: “O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia”, en AA. VV.: *Manual de Dereito Galego*, Santiago de Compostela 1996, p. 283, afirma que non existe contradición entre o EAG e a LOPX, xa que o Estatuto se limitou a recoller a competencia, regulando posteriormente a LOPX o seu exercicio.

⁷⁸ Vide. REVERÓN PALENZUELA, B.: *Poder judicial, unidade xudicial e estado autonómico*, Granada, 1996, pp. 164-166. Para a STC 56/1990, de 29 de marzo, FX 17, sinala que a fixación pola Comunidade Autónoma da delimitación dos partidos xudiciais do territorio baleiraría de contido as competencias das Cortes Xerais no establecemento das demarcacións xudiciais.

cial a efectos xudiciais podía ser diferente que a capitalidade administrativa; de todos os xeitos, ao gardar silencio a LOPX, non está lexitimada a Comunidade Autónoma para facelo, por mor do inciso último do art. 152.1 II CE⁷⁹.

As atribucións concedidas pola LOPX á Comunidade Autónoma en materia de demarcación xudicial son máis ben escasas, tendo en conta que o concepto de participación utilizado polo art. 152.1 CE permitiría maiores doses de intervención autonómica⁸⁰, aínda que o sistema deseñado pola LOPX encaixa sen problema ningún en tal concepto⁸¹. As posibilidades outorgadas á Comunidade Autónoma son máis ben de cooperación⁸², fronte ás amplamente decisivas que acollía o EAG, e deben limitarse ás demarcacións infraprovinciais⁸³.

Ao examinar tal réxime de participación, a STC 56/1990, de 26 de marzo, tivo que facer unha serie de precisións motivo da impugnación dos preceptos da LOPX. Para o TC o establecemento da marca xudicial require unha operación de deseño global que comprende todo o territorio do Estado⁸⁴, polo que se xustifica que a descentralización non fose maior. Ademais, hai que entender que esta, segundo a dicción da CE, comprende unicamente a demarcación en sentido estricto, e en ningún caso a planta xudicial que estaría incluída no núcleo inaccesíbel para a Comunidade do art. 149.1.5⁸⁵. Por último, o feito de que sexa a propia LOPX a que estableza de que xeito se haberá de exercer pola Comunidade Autónoma a única competencia decisiva na materia – a fixación por lei da capitalidade dos partidos xudiciais – non é contraria á Constitución, ao entender o TC que a necesidade de que a participación autonómica sexa conforme á LOPX lexitima á propia LO para incluír tal previsión⁸⁶.

VI. O PRINCIPIO DE FENECIMIENTO

O principio de fenecemento das instancias no ámbito autonómico atópase enunciado no mesmo art. 152.1 III CE, cando sinala que, sen prexuízo do carácter de órga-

⁷⁹ Sen embargo, a S TC 56/1990, de 29 de marzo, FX 25, entende que “a definición da capitalidade e da sede das institucións estatais de ámbito provincial, aparece como elemento definitorio, íntimamente ligado á mesma existencia da provincia, e inalterado, polo que a indisponibilidade para as CCAA da delimitación da demarcación provincial a efectos xudiciais implica necesariamente a falla de disponibilidad sobre a capitalidade desa demarcación”.

⁸⁰ PÉREZ GORDO, A.: *El Tribunal Superior de Justicia de las Comunidades Autónomas*, Barcelona, 1982, pp. 90-91, considera incluso que non cabería competencia vinculante ningunha: “ao sinalar os Estatutos que corresponde á Comunidade Autónoma fixar a delimitación das demarcacións territoriais dos órganos xurisdiccionais e mesmo a fixación da capitalidade, isto vai contra do texto e do espírito do art. 152.1 CE, que só fala de “participación””.

⁸¹ FERNÁNDEZ SEGADO, F.: “O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia”, en AA. VV.: *Manual de Dereito Galego*, Santiago de Compostela 1996, p. 283.

⁸² PÉREZ GORDO, A.: *El Tribunal Superior de Justicia de las Comunidades Autónomas*, Barcelona, 1982.

⁸³ CRUZ VILLALÓN, P.: “La administración de Justicia en el Estatuto de Andalucía”, en *La curiosidad del jurista persa y otros estudios sobre la constitución*, Madrid, 1999, p. 316.

⁸⁴ STC 56/1990, de 29 de marzo, FX 17.

⁸⁵ STC 56/1990, de 29 de marzo, FX 15.

⁸⁶ “En principio, a determinación polo Estado do rango da norma a través da cal as CCAA han de exercer unha competencia que lles é propia supón inmiscirse no ámbito de autonomía propio daquelas, porque indirectamente está predeterminando que órgano das mesmas ha de exercer a competencia en cuestión. Sen embargo, a posibilidade a que se participe na demarcación xudicial debe ser de conformidade coa LOPX. Nada impide, pois, dende esta perspectiva, que dita LOPX artelle o exercicio das competencias que as CCAA asumiron a través dos seus EEA en virtude do mencionado precepto constitucional, establecendo o xeito de exercicio; en consecuencia, non existe obstáculo ningún para que estableza que a competencia das CCAA para localizar a capitalidade dos partidos xudiciais se exerza mediante lei”. STC 56/1990, de 29 de marzo, FX 26.

no superior en todas as ordes e con xurisdicción en toda España do Tribunal Supremo, as sucesivas instancias procesuais deben esgotarse diante de órganos xudiciais radicados no mesmo territorio da Comunidade Autónoma en que estea o órgano competente en primeira instancia. O EAG recolle este principio no art. 21, aínda que cunha pequena diferenca, pois sinala que as sucesivas instancias procesuais se esgotarán perante o mesmo Tribunal Superior de Xustiza, órgano que culmina a organización da Administración de Xustiza no territorio da Comunidade Autónoma. A contradicción entre o EAG e a CE hai que salvarla entendendo, como fai o TC⁸⁷, que o esgotamento das instancias procesuais non ten por que facerse mesmo diante do TSX, senón en calquera órgano xurisdiccional radicado no territorio da Comunidade Autónoma, xa que o contrario suporía converter ao TSX de Galiza no órgano de segunda instancia de toda a Comunidade⁸⁸, condenándoo posibelmente á súa inoperancia e atasco permanente.

O sentido deste precepto vén determinado principalmente pola necesidade de adaptar a planta xudicial á configuración territorial do Estado⁸⁹, que se basea na existencia das Comunidades Autónomas, e á existencia dun dereito propio no ordenamento autonómico⁹⁰, que aconsella limitar a súa aplicación aos tribunais que estean situados na Comunidade, posibilitando unha certa uniformidade na interpretación xurisdiccional do dereito propio, e a conversión do TSX no órgano encargado de realizar tal función. Non obstante, haberá que considerar a necesidade de salvagardar a condición do Tribunal Supremo como órgano superior en todas as xurisdiccions, polo que o termo instancia do art. 152.1 III deberá ser interpretado en termos técnico-procesuais⁹¹, excluindo aqueles recursos que se consideren de carácter extraordinario – como o de casación – ou o proceso de revisión.

VII. O TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALIZA

A creación do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza prodúcese a partir da introducción deste órgano no art. 152.1 CE, como resultado dunha emenda presentada polo grupo de Minoría Catalana, que deste xeito tentaba lembrar, sequera fose de xeito simbólico, o antigo Tribunal de Casación de Catalunya, vixente durante a II República. O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza foi recollido polo EAG no art. 21, que o converte no cumio da organización xudicial na Comunidade. Aínda que a existencia do Tribunal Superior de Xustiza estaba prevista na Constitución unicamente para aquelas Comunidades que accederon á Autonomía pola vía privilexiada do art. 151, a maior parte dos Estatutos de Autonomía – todos agás o da Rioxa – recollen a súa existencia, e posteriormente a LOPX universaliza a súa creación, e así o art. 70 LOPX di literalmente que “o Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma culminará a organización xudicial no ámbito territorial daquela, sen prexuízo da xurisdicción que corresponde ao Tribunal Supremo”.

⁸⁷ STC 56/1990, de 29 de marzo, FX 32. A doutrina coincide de xeito case uniforme nesta apreciación do TC, p. ex.: LÓPEZ AGUILAR, J. F.: *Justicia y Estado Autonómico*, Madrid, 1994, pp. 102-103; REVERÓN PALENZUELA, B.: *Poder judicial, unidad jurisdiccional y estado autonómico*, Granada, 1996, p. 185

⁸⁸ FERNÁNDEZ SEGADO, F.: “O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia”, en AA. VV.: *Manual de Dereito Galego*, Santiago de Compostela 1996, p. 276.

⁸⁹ Díez-PICAZO GIMÉNEZ, L. M.: *Régimen constitucional del Poder Judicial*, Madrid, 1991, p. 90.

⁹⁰ CRUZ VILLALÓN, P.: “La administración de Justicia en el Estatuto de Andalucía”, en *La curiosidad del jurista persa y otros estudios sobre la constitución*, Madrid, 1999, p. 324.

⁹¹ OTTO, I. DE: “Organización del Poder Judicial y comunidades Autónomas”, en *Estudios sobre el Poder Judicial*, Madrid, 1989, p. 198.

O establecemento pola Constitución, e a posterior universalización por parte da LOPX, dos Tribunais Superiores de Xustiza está fondamente relacionado coa adaptación da Administración de Xustiza en España ao deseño territorial resultante da instauración do Estado Autonómico⁹², e co principio do autogoberno que está no nacemento mesmo das Comunidades Autónomas. De feito, á parte de culminar a organización xurisdiccional no ámbito territorial da Galiza, o TSX asume tamén determinadas funcións que poden entenderse de contido político⁹³ – como a resolución de conflitos entre órganos da Comunidade, ou o aforamento dos parlamentarios autonómicos, etc. –, que demostran a grande importancia institucional que posúe. Sen embargo, a pesar da transcendencia que para a configuración da Autonomía galega posúe o Tribunal Superior de Xustiza, este non se pode considerar un órgano propio da Comunidade Autónoma, xa que como puidemos ver máis arriba, o noso Estado non se configura xurisdiccionalmente por medio dun modelo federal, senón que o xeito correcto de entender a posición do Tribunal Superior de Xustiza é entendelo como un órgano do Poder Xudicial en territorio galego⁹⁴.

A situación de cumio da organización xurisdiccional en Galiza do Tribunal Superior de Xustiza, e a súa profunda relación coa existencia dun ordenamento xurídico propio, poden verse reflectidas na atribución, por parte do art. 22.1.a EAG, da competencia para decidir sobre o recurso de casación en materias de Dereito civil galego. Con esta atribución o Tribunal Superior de Xustiza convértese no órgano unificador do ordenamento interno da Comunidade Autónoma e creador de xurisprudencia⁹⁵, sempre e cando sexa unicamente no referido ao Dereito Civil de Galiza, xa que a atribución de valor xurisprudencial no atinxente ao dereito común estaría impedido polo carácter de órgano superior do Tribunal Supremo⁹⁶, e a necesidade da aplicación uniforme do Dereito en todo o territorio do Estado. Pero alí onde non hai dereito ningún que unificar, como no caso do dereito propio, pode exercer o Tribunal Superior as máximas funcións interpretativas⁹⁷, o que non sería máis que unha consecuencia lóxica da existencia de diversos ordenamentos xurídicos no Estado como resultado do proceso autonómico.

⁹² CRUZ VILLALÓN, P.: “La administración de Justicia en el Estatuto de Andalucía”. en *La curiosidad del jurista persa y otros estudios sobre la constitución*, Madrid, 1999, p. 327; FERNÁNDEZ SEGADO, F.: “O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia”, en AA. VV.: *Manual de Dereito Galego*, Santiago de Compostela 1996, p. 273.

⁹³ CRUZ VILLALÓN, P.: “La administración de Justicia en el Estatuto de Andalucía”. en *La curiosidad del jurista persa y otros estudios sobre la constitución*, Madrid, 1999, p. 332.

⁹⁴ Nesta apreciación coincide a totalidade da doutrina. Vide. PÉREZ GORDO, A.: *El Tribunal Superior de Justicia de las Comunidades Autónomas*, Barcelona, 1982, p. 92; CRUZ VILLALÓN, P.: “La administración de Justicia en el Estatuto de Andalucía”, en *La curiosidad del jurista persa y otros estudios sobre la constitución*, Madrid, 1999, p. 328; CRUZ VILLALÓN, P.: “La administración de Justicia en el Estatuto de Andalucía”, en *La curiosidad del jurista persa y otros estudios sobre la constitución*, Madrid, 1999, p. 328. Mesmo algún autor entende que a súa situación no Título VIII da Constitución é distorsionante por esta carácter de órgano do Poder Xudicial, polo que tería que ter sido situado no Título VI. Vide. PÉREZ GORDO, A.: *El Tribunal Superior de Justicia de las Comunidades Autónomas*, Barcelona, 1982, pp. 9-10

⁹⁵ REVERÓN PALENZUELA, B.: *Poder judicial, unidad jurisdiccional y estado autonómico*. Granada, 1996, p. 216.

⁹⁶ REVERÓN PALENZUELA, B.: *Poder judicial, unidad jurisdiccional y estado autonómico*. Granada, 1996, p. 208. Aínda así, este autor non desbota a importancia da doutrina elaborada no eido do Dereito Común polo TSX que debe ser tida en conta, ao xeito de xurisprudencia menor polos órgaos xudiciais da Comunidade Autónoma. *Ibidem*, p. 217.

⁹⁷ En expresión de OTTO, I. DE: “Organización del Poder Judicial y comunidades Autónomas”, en *Estudios sobre el Poder Judicial*, Madrid, 1989, p. 202, “Alí onde non hai nada que unificar, porque do que se trata exclusivamente é dereito autonómico, perde o seu sentido e finalidade a potestade casacional do TS e é admisible unha casación rexional”. Esta doutrina foi confirmada pola STC 56/1990, de 29 de marzo, FX 33, cando afirma que “A casación rexional atende de xeito equilibrado aos principios de unidade e diversidade do Dereito privado e que a supremacía do TS ou suxección á súa xurisdicción en todos os ordes, con independencia do disposto en materia de garantías constitucionais fica salvagardada polos recursos previstos nas materias que lle son propias, é dicir, aquelas nas que resulta imprescindible unificar a xurisprudencia, circunstancia que non se dá cando se trata exclusivamente de Dereito Civil autonómico”.

Para que poida coñecer do recurso de casación o TSX cómpre que sexa invocada no recurso a infracción dunha norma do Dereito Civil de Galiza, xa sexa como motivo único ou confluente con outros⁹⁸, xa que así o autorizan os arts. 1686 LAC de 1881, e 478.1 LAC 1/2000, agás que se alegue a infracción dun precepto constitucional, onde será competente unicamente o Tribunal Supremo (art. 5.4 LOPX)⁹⁹. Poden xurdir problemas competenciais en materia de casación foral que dificulten o carácter de órgano unificador do Dereito Civil propio debido ao carácter persoal deste dereito, e á súa aplicación en base ao principio de veciñanza, xa que é factíbel que se aplique o Dereito Civil galego por un tribunal situado fóra da Galiza. Daquela as opcións serían dúas, ou ben atribuírle a casación do mesmo xeito ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, o que sería dificilmente concordábel co principio do feneceamento do art. 152.1 CE¹⁰⁰, ou ben concederlle a competencia neste caso ao Tribunal Supremo, aínda que sen ter a súa resolución, no que se refire ao Dereito Civil galego, efectos creadores de xurisprudencia.

En relación co recurso de casación foral, o Parlamento de Galiza aprobou, con data de 15 de xullo de 1993 a Lei 11/93 de Galiza de recurso de casación en materia de dereito civil de Galiza, en virtude da competencia concedida polo art. 149.6 CE e 27.5 EAG que posibilitan á Comunidade Autónoma dicar normas procesuais que se deriven da peculiaridade do Dereito substantivo propio. O aspecto máis salientábel desta lei é a inclusión de dous motivos de casación (art. 2) consistentes en, en primeiro lugar, a infracción do Dereito Civil propio, e común no seu caso, ou da doutrina xurisprudencial sentada tanto polo Tribunal Superior de Xustiza como, se corresponde polo Tribunal Supremo. Un segundo motivo, que se pode considerar abondo novo é o erro na apreciación da proba que demostre descoñecemento por parte do xulgador de feitos notorios que supoñan infracción do uso ou costume. Esta lei foi recorrida en inconstitucionalidade por parte da Presidencia do Goberno, sendo suspendida a súa aplicación por Providencia de 15 de novembro de 1993, levantando o TC a suspensión en Auto de 22 de marzo de 1994, e estando pendente aínda a sentenza que resolva sobre a constitucionalidade da lei.

O art. 22.1.a EAG outorga competencia ao TSX de Galiza para coñecer do chamado recurso de revisión (en realidade proceso de revisión) en materias de Dereito Civil galego. Tal atribución foi recollida pola LAC (arts. 1798 LAC 1881 e 509 LAC 1/2000). A propia natureza da revisión fai que non sexa preciso que se outorgue o seu coñecemento ao TS, xa que non cumpre función ningunha unificadora do dereito¹⁰¹, polo que podería térselle atribuído ao TSX non só naquelas sentencias que apliquen o Dereito Civil galego, senón en todo caso¹⁰², pois os motivos para interpoñelo (arts. 1801

⁹⁸ No seu momento, OTTO, I. DE: "Organización del Poder Judicial y comunidades Autónomas", en *Estudios sobre el Poder Judicial*, Madrid, 1989, p. 204, entendeu que a solución correcta sería a compartición do recurso, asumindo esta como un dos custos do modelo de organización territorial derivado do Título VIII CE.

⁹⁹ O TC tivo ocasión de pronunciarse sobre a adecuación á Constitución deste precepto, na STC 56/1990, de 29 de marzo, FX 34, nos seguintes termos: "posto que a ruptura da unidade do proceso resulta inviábel, o coñecemento de ditos recursos polo TS e non por cada un dos TSX está xustificado no carácter de órgano supremo que lle atribúe o art. 123.1CE e pola necesidade dunha interpretación e aplicación unitaria dos preceptos constitucionais no que pode considerarse Dereito Civil Constitucional, Dereito Privado Constitucional ou Dereito civil na legalidade Constitucional, que só pode lograrse a través da xurisprudencia de dito TS, xa que a tal efecto resulta insuficiente, dado o ámbito obxectivo do recurso de amparo constitucional"

¹⁰⁰ Malia deste inconvincente, FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, L.: "La Administración de Justicia en Aragón: El Tribunal Superior de Justicia", *RGD*, 1989, nº 532-533, p. 28, amósase favorábel desta solución, xa que de atribuírle a competencia ao TS se produciría unha dupla xurisprudencia en materia foral.

¹⁰¹ FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, L.: "La Administración de Justicia en Aragón: El Tribunal Superior de Justicia", *RGD*, 1989, nº 532-533, p. 15.

¹⁰² Vide. OTTO, I. DE: "Los Tribunales superiores de justicia", en *Estudios sobre el Poder Judicial*, Madrid, 1989, p. 235, para quen a diferenza de tratamento carece de xustificación. No mesmo sentido se expresa FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, L.: "La Administración de Justicia en Aragón: El Tribunal Superior de Justicia", *RGD*, 1989, nº 532-533, p. 29.

LAC 1881 e 510 LAC 1/2000) fúndanse unicamente en supostos de feito; deste xeito aumentaríanse as funcións atribuídas á Sala do Civil e do Penal do TSX¹⁰³, tendo en conta que o limitado número de asuntos dos que coñece poderían levar a unha infrautilización desta¹⁰⁴.

O art. 330.3 LOPX contén un dos preceptos que amosa unha intervención máis ampla da Comunidade Autónoma nas materias relacionadas coa Administración de Xustiza, en sentido estricto, e que dá a entender a un tempo a grande importancia que para a configuración institucional da Comunidade Autónoma posúe o TSX, a pesar de ser, como xa indicamos, non un órgano autonómico, senón un órgano do Poder Xudicial no ámbito territorial da Comunidade. Segundo este artigo, na Sala do Civil e Penal dos TSX, unha de cada tres prazas cubriráse cun xurista de recoñecido prestixio con máis de dez anos de exercicio profesional na Comunidade, que será nomeado a proposta do CXPX sobre unha terna presentada polo Parlamento de Galiza. O art. 13.2 da Lei 38/1988, de Demarcación e Planta Xudicial tenta rematar cos casos dubidosos, e establece que se, descontado ao Presidente, a Sala está composta por dous Maxistrados, un deles, ou dous, no caso de estar composta por catro, son nomeados de acordo con este sistema baseado na presentación dunha terna por parte da Asemblea Lexislativa. Deste xeito acádase garantir que non só está presente dalgún xeito a vontade da Comunidade Autónoma na Sala como órgano, senón tamén na Sala de Xustiza¹⁰⁵.

VIII. O USO DO GALEGO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Para estudar cal é o uso do galego nas actuacións xudiciais, cómpre acudir á LOPX, xa que esta debe configurarse como unha competencia estatal¹⁰⁶, tal e como se deriva da reserva material de Lei orgánica do art. 122.1 CE – en canto é a LOPX a que debe regular o funcionamento dos Tribunais – e dos arts. 149.1.5 e 149.1.6 CE, que reservan ao Estado central a competencia exclusiva en materia de Administración de Xustiza e de Dereito Procesual, puídéndose establecer neste particularidades autonómicas en función das especialidades xurídicas substantivas, pero non en virtude das especialidades lingüísticas.

A normativa concreta que recolle o uso das linguas cooficiais nas actuacións xudiciais atópase no art. 231 LOPX, e debe partir forzosamente do disposto no art. 3 CE, en canto establece que o castelán é a lingua oficial do Estado, tendo todos os cidadáns españois o dereito e deber de usalo, e recoñece a cooficialidade das diferentes linguas españolas no ámbito das respectivas Comunidades Autónomas, de acordo cos seus Estatutos. Debe terse en conta tamén a interpretación que do alcance da cooficialidade ten feito o TC dende a STC 82/1986, do 26 de xuño, no sentido de non estender o deber de coñecemento do idioma ás linguas cooficiais nas Comunidades autónomas

¹⁰³ REVERÓN PALENZUELA, B.: *Poder judicial, unidad jurisdiccional y estado autonómico*, Granada, 1996, p. 221.

¹⁰⁴ REVERÓN PALENZUELA, B.: *Poder judicial, unidad jurisdiccional y estado autonómico*, Granada, 1996, p. 229.

¹⁰⁵ FERNÁNDEZ SEGADO, F.: “O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia”, en AA. VV.: *Manual de Dereito Galego*, Santiago de Compostela 1996, p. 301.

¹⁰⁶ A STC 56/1990, de 29 de marzo, FX 40, exprésase nos seguintes termos: “en canto a CE reserva como competencias exclusivas do Estado a Admón. de xustiza e a lexislación procesual, debe ser o Estado o que regule o uso das linguas dentro da Admón. de Xustiza, sen prexuízo de que as CCAA poidan regular o alcance inherente ao concepto de cooficialidade, tal e como vén establecido polo art. 3.2 CE. Ao non existir competencia exclusiva, senón concorrente sobre a regulación das linguas a favor das CCAA, o Estado é compentente para regular o uso das linguas no seo da Admón. de Xustiza”

que as posúan. O EAG recolle a cooficialidade de ambos os idiomas no art. 5, nos seguintes termos: o galego é a lingua propia de Galiza; os idiomas galego e castelán son oficiais en Galiza, tendo todos o dereito de os coñecer e usar, e proscribe a discriminación por razóns lingüísticas.

A LOPX concreta as previsións constitucionais en base ao criterio da cooficialidade, pero cunha regulación asimétrica¹⁰⁷, de xeito que, como principio xeral establece a obrigatoriedade do uso do castelán, en tanto que lingua oficial do Estado, por parte do persoal xurisdiccional e auxiliar nas actuacións xudiciais¹⁰⁸, autorizando, sen embargo, á utilización da outra lingua oficial, sempre e cando ningunha das partes se opuxese, alegando un descoñecemento que cause indefensión. Pese á interpretación dalgunha doutrina, no sentido de que o xuíz debería valorar a efectiva produción de indefensión, tentando salvala doutro xeito – pola simple tradución dos documentos presentados, p. ex. – a literalidade do precepto fai pensar que abondará a simple invocación de indefensión para que o persoal xurisdiccional e ao servizo da Administración de Xustiza se vexa constrinxido a usar o idioma castelán¹⁰⁹. As partes, así como os peritos ou testemuñas están autorizadas, sen excepción ningunha, para empregar o galego tanto nas actuacións orais como escritas, pero poderán ser traducidas ao castelán se algunha das partes alega indefensión. En todo caso, todas as actuacións realizadas gozarán de plena eficacia sen necesidade de as traducir, en lingua galega. Esta regulación ten recibido numerosas críticas¹¹⁰, entendéndose que discrimina as linguas españolas diferentes do castelán, e mesmo foi cuestionada na súa constitucionalidade, tendo sen embargo, o TC declarado a súa conformidade coa Norma Fundamental na STC 56/1990, de 29 de marzo.

IX. O PROFUNDAMENTO NA AUTONOMIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

Como conclusión da análise de competencias que a Comunidade Autónoma exerce en materia de Xustiza, o balance que se pode facer é o da exigüidade destas, maiormente de colaboración, e en poucos casos verdadeiramente decisorias, e que non cumpren coas expectativas que xerou no seu momento a introducción da cláusula subrogatoria no EAG, xa que esta prometía unha intervención moito máis fonda na Administración de Xustiza. De todos os xeitos cómpre salientar a adaptación do Poder Xudicial e da estrutura da Administración de Xustiza á división territorial realizada polo desenvolvemento do Estado das Autonomías, e a progresiva adquisición de facultades en materia de xestión de medios materiais e persoais.

¹⁰⁷ Vide. XIOL RIUS, J. A.: “Las competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Justicia” (I e II), AA. 1992, nº 1, p. 77: “o principio do que debe partir a regulación do uso das linguas no proceso é o principio de igualdade entre as linguas que o art. 3 CE e os correspondentes EEAA declaran oficiais. Estas situacións de dupla oficialidade non exclúen a asimetría derivada do feito de que o castelán, lingua española oficial, éo en todo o territorio do Estado e as linguas propias das CCAA só nunha parte del”.

¹⁰⁸ Segundo a STC 56/1990, FX 41, a LOPX estaría únicamente recoñecendo unha realidade sociolóxica, ao ser o castelán a lingua comunmente usada no eido da Administración de Xustiza”. Tamén se refire ao conflito entre o dereito de usar a lingua propia e a prohibición de indefensión, para establecer a prevalencia desta, anudada ao deber de coñecemento da lingua castelá.

¹⁰⁹ Vide. XIOL RIUS, J. A.: “Las competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Justicia” (I e II), AA. 1992, nº 1, p. 78.

¹¹⁰ Vide. JIMÉNEZ ASENSIO, R.: “Competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Administración de Justicia y Libro blanco de la Justicia”, *Dos estudios sobre Administración de Justicia y Comunidades Autónomas*, Madrid, 1998, p. 38, quen cualifica á normativa de tímida e a acusa de adiar indefinidamente os problemas.

De cara á evolución futura da cuestión, a maioría da doutrina amósase favorábel a un profundamento na vertebración autonómica da Administración de Xustiza¹¹¹, sempre respectando o principio de unidade xurisdiccional. Entre as propostas realizadas para conseguir tal reverberación autonómica atópase mesmo a descentralización do goberno do Poder Xudicial, mantendo a configuración do CXPX como órgano único do goberno deste, aumentando as competencias das Comunidades Autónomas naquelas materias que non incidan directamente na potestade xurisdiccional, e desconcentrando dalgún xeito a estrutura do propio CXPX, por exemplo, a través de consellos territoriais delegados deste¹¹², ou por medio dunha estrutura máis descentralizada, solucións estas apuntadas polo propio CXPX no *Libro blanco de la Justicia*.

¹¹¹ JIMÉNEZ ASENSIO, R.: “Competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Administración de Justicia y Libro blanco de la Justicia”, *Dos estudios sobre Administración de Justicia y Comunidades Autónomas*, Madrid, 1998, p. 28. LÓPEZ AGUILAR, J. F.: *Justicia y Estado Autonómico*, Madrid, 1994, p. 242. advirte que tal profundamento non debe afectar á existencia dunha xustiza igual.

¹¹² Esta solución é expresamente acollida por, entre outros, CRUZ VILLALÓN, P.: “La administración de Justicia en el Estatuto de Andalucía”, en *La curiosidad del jurista persa y otros estudios sobre la constitución*, Madrid, 1999, p. 318; REVERÓN PALENZUELA, B.: *Poder judicial, unidad jurisdiccional y estado autonómico*, Granada, 1996, p. 126; LÓPEZ AGUILAR, J. F.: *Justicia y Estado Autonómico*, Madrid, 1994, p. 275. En contra manifestouse PÉREZ GORDO, A.: *El Tribunal Superior de Justicia de las Comunidades Autónomas*, Barcelona, 1982, p. 85.

BIBLIOGRAFÍA

- CRUZ VILLALÓN, P.: “La administración de Justicia en el Estatuto de Andalucía”, en *La curiosidad del jurista persa y otros estudios sobre la constitución*, Madrid, 1999, pp. 305-334.
- CGPJ: *Libro blanco de la Justicia*, Madrid, 1997.
- DÍEZ-PICAZO GIMÉNEZ, L. M.: *Régimen constitucional del Poder Judicial*, Madrid, 1991.
- FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, L.: “La Administración de Justicia en Aragón: El Tribunal Superior de Justicia”, *RGD*, 1989, nº 532-533, pp. 9-36
- FERNÁNDEZ SEGADO, F.: “O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia”, en AA. VV.: *Manual de Dereito Galego*, Santiago de Compostela 1996, pp. 263-320.
- GARCÍA MANZANO, P.: “Administración de Justicia y Estado autonómico”, *Escuela de verano del Poder Judicial. Galicia. 1998*, Madrid, 1999, pp. 97-106.
- JIMÉNEZ ASENSIO, R.: “Competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Administración de Justicia y Libro blanco de la Justicia”, *Dos estudios sobre Administración de Justicia y Comunidades Autónomas*, Madrid, 1998, pp. 17-74.
- LÓPEZ AGUILAR, J. F.: *Justicia y Estado Autonómico*, Madrid, 1994.
- LÓPEZ AGUILAR, J. F.: *La justicia y sus problemas en la Constitución*, Madrid, 1996.
- MONTERO AROCA, J.; GÓMEZ COLOMER, J.L.; MONTÓN REDONDO, A.; BARONA VILAR, S.: *Derecho Jurisdiccional I. Parte General*. València. 1998.
- MONTERO AROCA, J.: *Independencia y responsabilidad del Juez*. Madrid, 1990.
- OLIVA SANTOS, A. DE LA; FERNÁNDEZ, M.A., *Derecho Procesal Civil I*. Madrid, 1995.
- OLIVA SANTOS, A. DE LA: “El futuro del proceso penal y el papel del Ministerio Fiscal”. *Tribunales de Justicia*. 1997. Nº 1, pp. 9-19.
- OTTO, I. DE: “Organización del Poder Judicial y comunidades Autónomas”, en *Estudios sobre el Poder Judicial*, Madrid, 1989, pp. 191-216.
- OTTO, I. DE: “Los Tribunales superiores de justicia”, en *Estudios sobre el Poder Judicial*, Madrid, 1989, pp. 219-248.
- PEDRAZ PENALVA, E.: *Constitución, Jurisdicción y Proceso*. Madrid, 1990.
- PÉREZ GORDO, A.: *El Tribunal Superior de Justicia de las Comunidades Autónomas*. Barcelona, 1982.
- RAMOS MÉNDEZ, F.: *El sistema Procesal español*, Barcelona, 1997.
- REVERÓN PALENZUELA, B.: *Poder judicial, unidad jurisdiccional y estado autonómico*, Granada, 1996.
- RODRÍGUEZ-AGUILERA, C.: *El Poder Judicial en la Constitución*, Barcelona, 1980.
- RUÍZ, G.: *Federalismo judicial (el modelo americano)*, Madrid, 1994.
- WITTHAUS, R. E.: *Poder Judicial alemán*, Buenos Aires, 1994.
- XIOL RIUS, J. A.: “Las competencias de las Comunidades Autónomas en materia de Justicia” (I e II), *AA*, 1992, nº 1, pp. 55-88.